

# MEMORIA 2014

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

XUNTA DE GALICIA

# Memoria 2014

Escola Galega de Administración Pública

**Edita:**

Escola Galega de Administración Pública

**Ano de publicación:**

2015

A Escola Galega de Administración Pública	<b>7</b>
Actividades para o persoal da Administración autonómica	<b>15</b>
Actividades para o persoal da Administración local	<b>245</b>
Actividades para o persoal da Administración de xustiza	<b>271</b>
Actividades para o PAS das universidades	<b>301</b>
Xornadas, seminarios e conferencias	<b>341</b>
Cursos monográficos	<b>357</b>
Cursos superiores e de especialización	<b>365</b>
Actividades en colaboración	<b>379</b>
Publicacións	<b>451</b>
Xestión da calidade	<b>461</b>
Biblioteca da EGAP	<b>467</b>
Relación de docentes	<b>471</b>
Resumo estatístico	<b>485</b>

## A EGAP

---

**A** EGAP é un centro oficial de docencia, de investigación e de divulgación de todas aquelas materias de interese para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, doutras administracións galegas e da sociedade en xeral, constituíndose como un instrumento de primeira orde para lograr a profesionalización da Función pública, acorde coas esixencias dunha sociedade democrática e do Estado de Dereito. Baixo estas premisas no ano 1987 nace a EGAP, ante a necesidade de consolidar e modernizar a Administración xurdida da configuración de Galicia como Comunidade Autónoma.



Deste xeito, a Escola Galega de Administración Pública podería definirse como:

Un **centro de docencia** que ten como principal misión a formación e a especialización do persoal ao servizo das diferentes administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, a Escola traballa para deseñar programas formativos específicos que máis alá de posibilitar a adquisición de coñecementos actualizados, lles permitan aos empregados públicos adquirir as habilidades, as técnicas e as ferramentas que precisan para desenvolver as súas funcións con maior axilidade, eficacia e eficiencia.

Un **foro de análise e de reflexión** sobre temas de actualidade incidentes nas administracións e na realidade política, social e económica que as condiciona, co gallo de intercambiar ideas e experiencias que contribúan a innovar e mellorar a xestión pública. Asemade, a dinámica das xornadas e dos cursos monográficos, coa interacción entre público e relatores, é a máis axeitada para debater aspectos estratéxicos e alcanzar conclusións que poidan servir de base ás futuras políticas públicas.

Un **centro de investigación** no que poñer en marcha traballos de divulgación no eido da Administración pública que poidan axudar ao seu mellor coñecemento e á súa mellora. Deste xeito, as diversas liñas de traballo levadas a cabo susténtanse nos principios de intercambio de coñecementos, colaboración coa comunidade científica e divulgación de resultados.

**Fins da EGAP:**

A Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, establece como fins da Escola Galega de Administración Pública:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración de Galicia e doutras Administracións públicas que llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais "con habilitación de carácter nacional".
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional".
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no terreo da Administración Pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos similares das Administracións públicas de ámbito estatal e internacional.
- A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

**Consello Reitor da EGAP:**

O Consello Reitor ten atribuídas as seguintes facultades:

- a. Aprobar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola e as súas contas.
- b. Aprobar o Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a memoria da Escola.
- c. Darlle a conformidade aos proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
- d. Propoñer a organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
- e. Propoñer os programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos da selección do persoal ao servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
- f. Establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a EGAP.
- g. Elaborar e aprobar o regulamento interno da EGAP.
- h. Coñecer os asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ao presidente do Consello ou ao director da EGAP.



Composición do Consello Reitor:

**Presidente:**

- Alfonso Rueda de Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza

**Vicepresidente:**

- José M<sup>a</sup> Barreiro Díaz, director xeral de Función Pública da Consellería de Facenda

**Vogais:**

- Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública
- Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Manuel Pillado Quintáns, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia
- Natalia Prieto Viso, directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Alberto Pazos Couñago, director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Juan J. Martín Álvarez, director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Roberto Blanco Valdés, catedrático de Dereito constitucional da Universidade de Santiago de Compostela
- Antonio Piña Alonso, decano do Xulgado de Ourense
- José Luis Carro Fernández-Valmayor, catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela
- Ángel Gómez-Iglesias Casal, catedrático de Dereito romano da Universidade de Santiago de Compostela

- José Luis Meilán Gil, catedrático emérito de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña
- Ramón Máiz Suárez, catedrático de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago
- José Manuel Busto Lago, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña
- Inmaculada Valeije Álvarez, secretaria xeral da Universidade de Vigo (*nomeada en setembro de 2014*)
- José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense
- Alfonso Villares Bermúdez, alcalde de Cervo. Vicepresidente Executivo da Fegamp
- Manuel Muiño Espasandín, alcalde de Zas
- Eduardo Ramonde Rodríguez, secretario xeral da Fegamp
- Plácido Cazón Lamas, funcionario da Administración local. CC.OO
- Roxelio Roxo Carrillo, funcionario da Administración autonómica. CIG (*nomeado en xuño de 2014*)
- José Vázquez González, Funcionario da Administración autonómica. FSP-UXT
- Francisco Fernández Castro, funcionario da Administración autonómica. CSIF (*nomeado en marzo de 2014*)
- Cástor Manuel Fernández Soto, funcionario da Administración local. CCOO (*nomeado en maio de 2014*)
- Humberto Paz Rodríguez, representante da Administración local FSP-UXT

**Secretario:**

- Manuel E. Martínez Oubiña, secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

## Actividades para o persoal da Administración autonómica

---



## Formación en materias transversais

---

Este programa responde ás necesidades de formación continua dos empregados públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, diríxese a ofrecer un currículo básico horizontal que os capacita para desenvolver eficientemente calquera posto de traballo, favorecendo a súa mellora profesional.

Dende outro punto de vista, a formación transversal desempeña un papel básico na consecución dos obxectivos estratéxicos da Administración, por canto se corresponde coas competencias de carácter xenérico que conforman as bases da súa organización e do seu funcionamento.

## a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

---

### **Nocións básicas de contabilidade pública. FC14017**

#### **Obxectivos:**

Adquirir a formación básica necesaria para contabilizar, analizar e interpretar a información contable pública básica.

#### **Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 3

Lugares e datas:

Ourense, do 9 de xuño ao 23 de xuño

Santiago de Compostela, do 20 de maio ao 5 de xuño

Vigo, do 4 de xuño 18 de xuño

Prazas: 75

#### **Contido básico:**

- Conceptos básicos necesarios para acometer o estudo da contabilidade pública.
- Normalización da contabilidade pública. O plan xeral de contabilidade pública.
- O marco conceptual da contabilidade pública.
- Contabilización das operacións do orzamento de gastos.
- Contabilización das operacións do orzamento de ingresos.
- Normas de recoñecemento e valoración de determinadas operacións utilizadas no sector público.
- As operacións de fin de exercicio e a información contable periódica.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2014).

**A revisión e revogación dos actos administrativos. FC14018**

**Obxectivos:**

Ofrecer unha visión ampla e xeral da revisión dos actos administrativos, tanto dende a perspectiva da propia administración de oficio, como a instancias dos administrados mediante os diferentes recursos administrativos. Tamén se prestará atención ás consecuencias desta revisión e a correspondente revogación dos actos.

Máis aló dunha mera visión xenérica da materia durante o curso analizarase as particularidades desta en determinados eidos da actividade administrativa, que pola súa transcendencia resultan relevantes, como a contratación administrativa ou a materia de subvencións.

No curso trataranse aspectos teóricos relacionados co tema, así como a análise da diversa regulación normativa desta e o exame de pronunciamentos xurisprudenciais na materia. Contemplanse, asemade, múltiples aspectos particulares e supostos concretos que se producen na práctica, para dotar o curso dunha efectiva utilidade no desenvolvemento das tarefas dos asistentes. Neste aspecto, formularanse diversas cuestións prácticas para a análise e debate entre os asistentes para acadar un curso dotado de maior dinamismo e participación.

**Destinatarios:**

Persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente dos subgrupos A1, A2 e C1.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 ao 20 de marzo

Prazas: 25

**Contido básico:**

- Introducción, análise de aspectos teóricos e evolución histórica, marco normativo.
- A revisión de oficio dos actos administrativos: actos nulos e actos anulables.
- A corrección de erros materiais, aritméticos ou de feito. Límites as facultades de revisión.
- Os recursos administrativos.
- A revogación dos actos administrativos, consecuencias, singular referencia á revogación de subvencións.

- As particularidades do sistema de recursos no eido da contratación pública.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Estatuto básico do empregado público. FC14019

#### Obxectivos:

Coñecer a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público: estrutura e principios.

#### Destinatarios:

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 3 de marzo ao 1 de abril

T02: do 2 ao 30 de abril

T03: do 6 de maio ao 3 de xuño

Prazas: 150

#### Contido básico:

- Marco normativo da función pública.
- Empregados públicos: funcionarios de carreira, interinos e eventuais.
- Organización dos recursos humanos, perfís de postos de traballo, selección, formación, promoción e carreira profesional.
- Sistema retributivo dos funcionarios.
- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Negociación colectiva.
- Avaliación do desempeño.

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Procedemento administrativo. FC14020

#### Obxectivos:

Perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 5

Lugares e datas:

T01: do 3 de marzo ao 1 de abril

T02: do 2 ao 30 de abril

T03: do 6 de maio ao 3 de xuño

T04: do 3 ao 30 de setembro

T05: do 13 de outubro ao 10 de novembro

Prazas: 250

#### Contido básico:

- Principios xerais e ámbito de aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- O procedemento administrativo: concepto e fins do procedemento.
- Características e fases do procedemento administrativo.
- Principais trazos do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.
- O procedemento sancionador.
- Procedementos de reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais.
- Procedementos especiais á marxe da Lei 30/1992.

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### **Nova normativa da función pública de Galicia. FC14021**

#### **Obxectivos:**

Formar os empregados das administracións públicas galegas nas principais novidades da nova normativa do emprego público de Galicia.

#### **Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 ao 13 de novembro

Prazas: 20

#### **Contido básico:**

I. Ámbito de aplicación da nova normativa do emprego público de Galicia. As clases de persoal e, en especial, o persoal directivo. Organización do emprego público. Adquisición e perda da relación de servizo.

II. Dereitos individuais e deberes dos empregados públicos. Promoción profesional e avaliación do desempeño. Mobilidade do persoal funcionario.

III. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivos dos empregados públicos.

IV. Situacións administrativas do persoal funcionario. Réxime disciplinario. Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### **Revisión de oficio das disposicións normativas. FC14022**

#### **Obxectivos:**

- Proporcionar os instrumentos para o manexo da técnica regulamentaria e as súas vicisitudes.
- Actualizar os coñecementos sobre os criterios de aplicación do artigo 102 da LRXAP e PAC.
- Practicar as técnicas de revisión regulamentaria e o coñecemento polos tribunais dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

#### **Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 31 de marzo ao 4 de abril

Prazas: 20

#### **Contido básico:**

- A potestade regulamentaria en España. O ámbito regulamentario no Dereito galego.
- O exercicio dos poderes de revisión no ámbito normativo.
- A doutrina constitucional. Os criterios dos tribunais. As achegas da doutrina consultiva.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**A eficacia dos actos no marco do procedemento administrativo: en particular, a suspensión. FC14023**

**Obxectivos:**

Perfeccionar o coñecemento dos principios e normas que rexen no relativo á eficacia dos actos administrativos, a súa execución e suspensión.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos A1, A2 e C1 con funcións relacionadas co obxectivo do curso.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 19 ao 23 de maio

Prazas: 20

**Contido básico:**

A eficacia dos actos administrativos: requisitos procedementais e requisitos materiais. A suspensión da tramitación procedemental e as súas consecuencias: silencio, caducidade e prescrición. A suspensión decretada no procedemento. Medidas cautelares. As consecuencias da falta de execución: a inactividade. A executividade e executoriedade do acto administrativo. Extensión da suspensión administrativa á vía xudicial. A suspensión no eido da xurisdición contencioso-administrativa.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**A expropiación forzosa: causa expropriandi e competencias autonómicas. FC14030**

**Obxectivos:**

- Proporcionar os instrumentos para o manexo da técnica expropiatoria.
- Incorporar as destrezas necesarias para a aplicación da causa expropriandi e as restantes garantías do instituto expropiatorio.
- Practicar as técnicas de expropiación con estudo pormenorizado dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 ao 23 de marzo

Prazas: 20

**Contido básico:**

- A potestade expropiatoria en España. O ámbito no Dereito galego.
- O obxecto dos poderes de expropiación.
- A doutrina constitucional e os criterios dos tribunais: especial referencia ás consecuencias do Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**As subvencións. Regulación estatal e autonómica. FC14036**

**Obxectivos:**

Coñecer o marco xurídico das subvencións para formar o persoal en aspectos básicos da tramitación de todo o procedemento de concesión das subvencións.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 40 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 21 de marzo ao 30 de maio

T02: do 30 de maio ao 8 de xullo

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo 1: As subvencións fronte a outras figuras xurídicas afíns.

Módulo 2: Procedementos de concesión das subvencións rexidos polo principio de concorrencia.

Módulo 3: Procedemento de concesión directa de subvencións.

Módulo 4: Comprobación e reintegro de subvencións.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Liquidación práctica dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia. FC14045**

**Obxectivos:**

- Realizar un estudo dos principais tributos con competencia autonómica en Galicia dende unha perspectiva teórica e práctica.
- Estudar as principais figuras impositivas no marco dos tributos propios en Galicia.
- Coñecer as principais figuras impositivas no marco dos tributos cedidos en Galicia.
- Analizar as principais figuras impositivas no marco dos tributos compartidos en Galicia.
- Afondar no proceso de liquidación dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Destinatarios:**

Persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 21 ao 28 de abril

Prazas: 20

**Contido básico:**

1. Introducción á política tributaria en Galicia (2 horas).
2. Liquidación dos tributos propios en Galicia (2 horas).
  - 2.1 Imposto sobre o xogo do bingo.
  - 2.2 Canon de saneamento.
  - 2.3 Imposto sobre a contaminación atmosférica.
  - 2.4 Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga encorada.
  - 2.5 Canon eólico.
  - 2.6 Novidades sobre os tributos propios en Galicia para 2014.
3. Liquidación dos tributos cedidos e compartidos en Galicia (11 horas).
  - 3.1 Imposto sobre Sucesións e Doazóns.
  - 3.2 Imposto sobre o Patrimonio.
  - 3.3 Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.
  - 3.4 Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

3.5 Outras figuras tributarias.

3.6 Novidades sobre os tributos cedidos e compartidos en Galicia para 2014.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Os contratos do sector público. FC14048**

**Obxectivos:**

Adquirir os coñecementos básicos e lograr o desenvolvemento das aptitudes e habilidades no manexo das institucións que son obxecto de estudo, facendo fincapé nos aspectos máis destacados da regulación legal da contratación pública.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 2 de xuño ao 2 de xullo

T02: do 28 de outubro ao 28 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo I: O Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público. Ámbito subxectivo da Lei. Configuración xeral da contratación do sector público.

Módulo II: As partes no contrato. Órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario.

Módulo III: O obxecto, prezo e garantía dos contratos.

Módulo IV: A preparación e adxudicación dos contratos. A selección do contratista.

Módulo V: Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

Módulo VI: O contrato de obras, servizos e subministracións. A concesión de obra pública. A xestión de servizos públicos e o contrato de colaboración público-privada.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).



**A regulación do silencio administrativo tras a aprobación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. FC14152**

**Obxectivos:**

Análise da evolución normativa da figura do silencio administrativo nas sucesivas reformas operadas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en particular, tras a aprobación das leis 4/1999, do 13 de xaneiro e 17/2009, do 23 de novembro.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 13 ao 22 de outubro

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Análise da evolución normativa dos artigos 42, 43 e 44 da Lei 30/1992 (LRXAPAC).
- Regulación legal do silencio negativo. Implicacións para as administracións Públicas. A obriga de resolución expresa prevista no artigo 42 da LRXAPAC. Os actos presuntos e o acceso á xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei galega 6/2001, do 29 de xuño e a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- O silencio positivo e a revisión de actos nulos obtidos pola vía do silencio.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Nóminas e retribucións do persoal. FC14153**

**Obxectivos:**

Estudo das retribucións do persoal. Estrutura e conceptos. Estudo da elaboración das nóminas desde unha perspectiva práctica. Aboamento das retribucións. Listaxes de nómina.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, destinado nas habilitacións de persoal ou que desenvolva funcións de apoio relacionadas coa materia do curso.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 13 ao 22 de outubro

Prazas: 30

**Contido básico:**

1. Retribucións. Estrutura do salario (retribucións básicas e complementos)
2. Elaboración da nómina. Análise da orde de confección de nóminas.
3. Devindicación e pagamento.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

### **Réxime disciplinario do empregado público de Galicia. FC14154**

#### **Obxectivos:**

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime disciplinario que lles resulta de aplicación.

#### **Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 27 de outubro ao 10 de novembro

Prazas: 50

#### **Contido básico:**

- I. Normativa aplicable.
- II. Principios xerais.
- III. Faltas disciplinarias.
- IV. Sancións disciplinarias.
- V. Procedemento disciplinario.
- VI. Extinción da responsabilidade disciplinaria.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

### **Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia. FC14155**

#### **Obxectivos:**

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime de incompatibilidades que lles resulta de aplicación.

#### **Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de outubro ao 3 de novembro

Prazas: 50

#### **Contido básico:**

- I.- Normativa aplicable.
- II.- Principios xerais.
- III.- Ámbito de aplicación.
- IV.- Actividades públicas.
- V.- Actividades privadas.
- VI.- Disposicións comúns.
- VII.- Réximes especiais.
- VIII.- Réxime sancionador.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Aspectos básicos da xestión do persoal: A función pública de Galicia. FC14156****Obxectivos:**

Dar a coñecer aos seus destinatarios o marco normativo da función pública na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas particularidades, achegando unha visión real e práctica dos aspectos básicos da xestión de persoal na Xunta de Galicia, tales como os instrumentos de organización dos seus recursos humanos, os procedementos de selección, a provisión e promoción profesional, as situacións administrativas dos empregados públicos e os seus dereitos e deberes.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 8 de setembro ao 2 de outubro

T02: do 20 de outubro ao 13 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

BLOQUE 1. Marco normativo da función pública galega, clases de empregados públicos e organización dos recursos.

- 1.1. Regulación constitucional: Distribución de competencias
- 1.2. Lexislación básica
- 1.3. Normativa autonómica
- 1.4. Clases de empregados públicos
- 1.5. Organización dos recursos humanos

BLOQUE 2. Selección de persoal, adquisición e perda da relación de servizo, situacións administrativas, deberes dos empregados públicos e réxime disciplinario.

- 2.1. Selección de persoal: principios reitores e requisitos xerais
- 2.2. Adquisición e perda da relación de servizo
- 2.3. Situacións administrativas do persoal funcionario
- 2.4. Excedencias do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia
- 2.5. Deberes dos empregados públicos
- 2.6. Réxime disciplinario

BLOQUE 3. Dereitos dos empregados públicos, promoción e carreira profesional, réxime retributivo, licenzas, permisos e vacacións.

- 3.1. Dereitos dos empregados públicos
- 3.2. Promoción do persoal e carreira profesional
- 3.3. Réxime retributivo
- 3.4. Licenzas, permisos e vacacións
- 3.5. Dereito á negociación colectiva

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Obradoiro de contratación administrativa. Nivel avanzado. FC14157**

**Obxectivos:**

Resolver os problemas, as dúbidas e as deficiencias na aplicación da normativa de contratación.

Ao finalizar a acción formativa o alumno será capaz de:

- Identificar dende o punto de vista práctico, cada un dos diferentes tipos de contratos, os supostos de non aplicación da Lei e as diferenzas entre os procedementos e sistemas para contratar.
- Preparar e tramitar os expedientes de forma simplificada.
- Resolver eficazmente as incidencias durante a execución dos contratos.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1 e A2 e dos grupos I e II, responsables directos de tramitación de expedientes de contratación administrativa.

**Desenvolvemento:**

Duración: 40 horas

Modalidade: mixto

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: Santiago de Compostela, do 30 de setembro ao 20 de novembro

Prazas: 20

**Contido básico:**

Módulo I: Cuestións xerais sobre o Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Módulo II: Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación de contratos polas administracións públicas.

Módulo III: Adxudicación dos contratos das administracións públicas. Procedemento aberto. Procedemento restrinxido. Procedemento negociado. Normas aplicables polos poderes adxudicadores que non teñan o carácter de administracións públicas. Racionalización técnica da contratación.

Módulo IV: Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación. Normas especiais

para contratos de obras, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministracións, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na comunidade autónoma.  
Tributos propios e tributos cedidos. FC14158**

**Obxectivos:**

Coñecer os aspectos xerais da política orzamentaria e tributaria da Comunidade Autónoma, afondando no coñecemento das materias relativas á orzamentación do sector público autonómico e da capacidade fiscal nos tributos propios e nos tributos cedidos que configuran a política dos ingresos públicos.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 27 de outubro ao 10 de novembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

PARTE 1: Introducción á política orzamentaria e tributaria. Aspectos xerais.

- Funcións básicas do sector público: asignación eficiente de recursos, redistribución da renda, estabilización do ciclo económico.
- O orzamento do sector público. Definición e principios orzamentarios (principios políticos, contables e económicos).
- O ciclo orzamentario.
- Estrutura e contido do orzamento: clasificación do orzamento de ingresos e gastos, o saldo orzamentario e o orzamento de gastos fiscais.
- As técnicas orzamentarias: orzamento por programas, por actividades e o orzamento base 0.
- Análise cuantitativa da política orzamentaria e tributaria.
- A política orzamentaria e tributaria e a descentralización autonómica.

PARTE 2: Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma en Galicia.

- O proceso de elaboración orzamentaria en Galicia.
- Criterios xerais para a elaboración dos orzamentos en Galicia.
- Estrutura orzamentaria.

- O plan económico financeiro de reequilibrio da Comunidade Autónoma de Galicia 2012-2014.
- Análise cualitativa e cuantitativa dos orzamentos en Galicia.

PARTE 3. Política tributaria na Comunidade Autónoma en Galicia

- Introducción á política tributaria en Galicia.
- Capacidade fiscal en tributos propios e outras figuras vixentes en Galicia: Imposto sobre o xogo do bingo, canon de saneamento, Imposto sobre a contaminación atmosférica, Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga embalsada e canon eólico.
- Capacidade fiscal en tributos cedidos e compartidos en Galicia: Imposto da Renda das Persoas Físicas, Imposto de Sucesións e Doazóns, Imposto sobre o Patrimonio, Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto especial sobre vendas minoristas de determinados hidrocarburos, taxas fiscais sobre o xogo.
- Análise cualitativa e cuantitativa da política tributaria en Galicia.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Subvencións e axudas económicas en tempos de crise. FC14159**

**Obxectivos:**

Analizar a incidencia da crise económica no desenvolvemento da actividade subvencional das administracións públicas, tanto dende a perspectiva do réxime comunitario das axudas de estado, como dende a consideración dos mecanismos ideados para eludir o cumprimento dalgunhas esixencias básicas da Lei de subvencións.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 17 de novembro ao 1 de decembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

Módulo 1. Os criterios da Unión Europea sobre as axudas de estado e a súa flexibilización en tempos de crise.

Módulo 2. Concepto de subvención e ámbito de aplicación da lexislación de subvencións. O procedemento de concesión de subvencións.

Módulo 3. O control das subvencións.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**O control do Goberno e da Administración: especial referencia aos gastos orzamentarios. FC14160**

**Obxectivos:**

- Proporcionar os instrumentos para o manexo das técnicas de control os seus instrumentos.
- Incorporar as destrezas necesarias para a comprensión do control do Goberno e da Administración en España e Galicia.
- Practicar as técnicas de control con estudo pormenorizado dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 22 de outubro ao 7 de novembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

1.- Introducción: o control do Goberno e da Administración en España: Parlamento e orzamento.

2.- Distintas manifestacións del control.

- A función orzamentaria do Parlamento.

- A función lexislativa: unha función constitucional que serve ao control.

- A función de información e impulso: instrumentos plurifuncionais.

- As funcións derivadas da relación con outros órganos de control: os Tribunais de Contas.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Obradoiro de procedemento administrativo na vía de recurso. FC14179**

**Obxectivos:**

Que os alumnos adquiren as competencias necesarias para a correcta tramitación dos procedementos administrativos na vía de recurso consonte o previsto pola lexislación vixente e tendo en conta as principais liñas xurisprudenciais na materia.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupo A1 e A2 e dos grupos I e II, que exerzan tarefas relacionadas coa tramitación e resolución dos recursos administrativos.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 27 ao 30 de outubro

Prazas: 20

**Contido básico:**

I. O procedemento administrativo na vía de recurso: significado, lexislación aplicable e cuestións previas. II. A interposición do recurso: forma, contido, prazo, lugar de interposición, efectos. III. A tramitación do recurso: impulso do procedemento, informes, trámite de audiencia, limitacións á achega de feitos e documentos novos, práctica de proba. IV. A resolución do recurso: requisitos, contido, prazo e efectos. O silencio administrativo na vía de recurso.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Execución dos contratos administrativos: réxime aplicable e facultades da Administración. FC14183**

**Obxectivos:**

Proporcionar unha visión teórica e práctica dos problemas asociados á execución dos contratos, distribuindo o curso en bloques teóricos e bloques máis prácticos nos que, a través dos xogos de equipos e casos prácticos, o alumno deberá poñer en práctica os coñecementos adquiridos no curso.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, do subgrupo A que polo seu traballo estea en contacto con contratos e os problemas asociados a súa execución.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 13 ao 21 de outubro

Prazas: 20

**Contido básico:**

1. Efectos dos contratos.
2. Prerrogativas da Administración. Procedemento do exercicio.
3. Incidencias que poden afectar á execución do contrato:
  - 3.1. Cumprimento da prestación.
    - 3.1.1 Especialidades en función de cada tipo contractual: contrato de obras, contrato de concesión de obra pública, contrato de xestión de servizos públicos, contrato de subministro e contrato de servizos.
    - 3.1.2 Incumprimentos e imposicións de penalidades.
    - 3.1.3 Cesión do contrato e subcontratación.
  - 3.2 Obrigacións da Administración. Pagamento do prezo.
    - 3.2.1 Outros: indemnización de danos e prexuízos.
4. Modificación dos contratos
5. Resolución dos contratos

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

## b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

---

### **Adaptación da Administración á Estratexia Europea 2020: reformas normativas e procedementos administrativos. FC14033**

#### **Obxectivos:**

A Estratexia Europa 2020 condiciona a reformulación das políticas públicas europeas e, por conseguinte, as actuacións das AAPP. Deste xeito resulta imprescindible coñecer en profundidade esa estratexia e as iniciativas da UE postas en marcha para implementalas. A Administración autonómica tamén ten que adecuar as súas normas e procedementos para obter os resultados precisos nas diferentes áreas e servizos públicos.

#### **Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 de febreiro ao 4 de marzo

Prazas: 30

#### **Contido básico:**

- 1) Xénese da Estratexia Europa 2020 e contexto.
- 2) Obxectivos da estratexia.
- 3) As iniciativas de desenvolvemento da estratexia.
- 4) Incidencia nos fondos da UE.
- 5) O Programa Nacional da Reforma.
- 6) Políticas da UE adaptadas.
- 7) Mecanismos de execución das medidas.
- 8) Adecuación dos procedementos e eficiencia administrativa.
- 9) Monitorización dos avances.
- 10) Modelos comparado na UE.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).



**Administración e cohesión: a nova política europea de cohesión económica, social e territorial e o seu despregamento administrativo. FC14034**

**Obxectivos:**

Dende a adhesión de España ás comunidades europeas, Galicia foi merecedora dun apoio singular dos fondos estruturais como obxectivo número un ou baixo o epígrafe da converxencia. Agora enceta un marco radicalmente diferente, no que cambian os obxectivos e os procedementos para xestionar os recursos financeiros procedentes da UE entre 2014 e 2020. Por iso cómpre familiarizarse co novo contexto e normas para que Galicia se beneficie deses recursos.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 5 ao 20 de maio

Prazas: 30

**Contido básico:**

- 1)A política rexional e da cohesión da UE en Galicia ata os nosos días.
- 2)As negociacións para o novo marco 2014-2020.
- 3)A Estratexia Europa 2020 e a cohesión na UE.
- 4)A incidencia da política da cohesión e as políticas sociais.
- 5)Desenvolvemento normativo e transposición dos regulamentos e directivas implicadas.
- 6)Compatibilidade de axudas e subvencións cos condicionantes europeos.
- 7)Cautelas procedementais para a xestión dos fondos da UE.
- 8)Procedemento de investigación e procedemento de infracción da UE.
- 9)Xurisprudencia europea en xestión de fondos comunitarias.
- 10)Praxe administrativa da Comisión Europea e doutros estados.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Introdución á Unión Europea e ao seu dereito. FC14162**

**Obxectivos:**

Ofertar unha aproximación inicial á materia comunitaria por parte dos empregados públicos que aplican políticas, programas e iniciativas comunitarias mediante a realización de controis ou a tramitación dos correspondentes procedementos administrativos. Deste xeito obterase unha familiarización co vocabulario e os conceptos básicos de acervo comunitario para a súa posterior explicación aos cidadáns. Tamén se fomentará o manexo de ferramentas, bases de datos e recursos que faciliten a pescuda de información comunitaria complementaria.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C1, C2, III e IV.

**Desenvolvemento:**

Duración: 24 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de outubro ao 10 de novembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

- 1) Historia da construción europea.
- 2) Sistema institucional da UE.
- 3) Sistema xurídico da UE.
- 4) Dereito da UE e procedemento administrativo.
- 5) Fondos europeos e subvencións públicas.
- 6) Políticas sectoriais con maior incidencia en Galicia (I).
- 7) Políticas sectoriais con maior incidencia en Galicia (II).
- 8) Fontes de información europea.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Cooperación transfronteiriza e cohesión. FC14163****Obxectivos:**

A necesidade de afondar na cooperación galaico-portuguesa require un mellor coñecemento entre os empregados públicos do marco normativo, os instrumentos orzamentarios e as iniciativas existentes. A coordinación administrativa para mellorar a prestación de servizos públicos aos cidadáns da euro-rexión Galicia-Norte de Portugal é requisito indispensable para xestionar de xeito eficiente os recursos europeos e máis os recursos propios que cofinancian aos devanditos servizos. Iniciativas como a euro-cidade Verín-Chaves ou Tui-Valença abren novas vías de xestión conxunta que cómpre entender.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1, A2, C1,I, II e III.

**Desenvolvemento:**

Duración: 24 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 22 de setembro ao 15 de outubro

Prazas: 50

**Contido básico:**

- 1) Orixe e evolución da cooperación territorial europea: a experiencia galega
- 2) Estrutura e funcionamento da Administración portuguesa.
- 3) Visión dos fondos da UE.
- 4) Financiamento do obxectivo de cooperación territorial.
- 5) Xestión de proxectos de cooperación territorial.
- 6) Novos instrumentos de cooperación: as agrupacións europeas de cooperación territorial.
- 7) Boas prácticas en cooperación transfronteiriza.
- 8) Experiencias doutras euro-rexións.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño)

**O recurso por incumprimento e a responsabilidade das comunidades autónomas. FC14164****Obxectivos:**

A Unión Europea é unha unión de dereito na que os seus estados teñen que garantir a observancia do seu ordenamento xurídico dentro dos seus respectivos territorios, con independencia da distribución interna de competencias entre as súas diferentes administracións públicas. A este fin, resulta fundamental que o persoal coñeza a transcendencia e as consecuencias da inobservancia do Dereito da Unión Europea.

Procederá a preparar aos empregados públicos para facer fronte a procedementos de infracción instruídos pola Comisión Europea, de modo que se eviten ou minimicen os reintegros financeiros e as sancións que tivese que afrontar ante a UE.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 21 de outubro ao 10 de novembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

- Prevalencia do Dereito da UE fronte ao Dereito interno: fundamentos e evolución xurisprudencial.
- O procedemento de infracción: iniciación, fase Pilot e fases regradas.
- Áreas máis comúns de fricción coa Comisión Europea.
- Incumprimento e fondos da UE.
- Mecanismos coercitivos da UE.
- Responsabilidade do Estado e distribución interna de competencias.
- A responsabilidade das comunidades autónomas por incumprimento do Dereito da UE: evolución e situación actual.
- Particularidades en materias de axudas e subvencións.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

## c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

---

### A creatividade, unha gratificante ferramenta de xestión. FC14027

**Obxectivos:**

Aprender a incorporar métodos e estratexias creativas nas labores de xestión e dirección.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 25 de marzo ao 1 de abril

Prazas: 12

**Contido básico:**

Contidos teóricos:

- ¿Que é a creatividade?
  - ¿Que é a innovación?
  - Perfís do/a creativo/a e do dinamizador/a da creatividade.
  - Como superar as barreiras á creatividade.
  - Técnica para identificar problemas: análise dimensional.
  - Técnicas de visualización creativa: mapa mental, diagrama causa-efecto, seis sombreiros para pensar.
  - Técnica de redefinición de problemas: Scamper
  - Técnicas para xerar alternativas de solución: tormenta de ideas (brain-storming), pool de ideas.
- Outras técnicas:
- Proxectos de visión futura: visualización
  - Técnica de diagnóstico: diagrama de Pareto.

Contidos prácticos:

- Exercicios sobre cada unha das técnicas creativas para ensaiar e “aprender facendo”.
- Ximnasia creativa.
- Recuncho para a creatividade e innovación a través de internet.

Contidos relacionados coa profesionalidade

- Actitude de procura da calidade permanente no traballo.
- Flexibilidade e actitude de apertura a novas formulacións.
- Capacidade comunicativa e empática.
- Habilidade para a apreciación doutros puntos de vista.
- Actitude de procura de información complementaria ou de combinar fontes de información distintas.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**A elaboración de disposicións de carácter xeral: técnica normativa e correcta redacción das normas. FC14029**

**Obxectivos:**

- Proporcionar os instrumentos para o manexo da técnica normativa e os seus instrumentos.
- Incorporar as destrezas necesarias para a correcta redacción das normas.
- Practicar as técnicas de elaboración normativa con estudo pormenorizado dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 15 ao 16 de maio

Prazas: 20

**Contido básico:**

1. Reflexións xerais acerca da función lexislativa.
2. Factores a ter en conta.
3. Tramitación procedemental: a súa problemática.
  - 3.1. A planificación lexislativa.
  - 3.2. A publicidade das normas.
4. A visión parlamentaria da técnica lexislativa e os seus efectos.
5. Poder xudicial e aplicación normativa do corpus normativo.
6. Fontes do Dereito e canles de produción xurídica.
7. O procedemento lexislativo no Parlamento de Galicia: as súas implicacións na correcta factura das leis autonómicas. I. A iniciativa lexislativa. II. A tramitación inicial dos proxectos de lei. III. A tramitación inicial das proposicións de lei. IV. O contido común dos textos lexislativos.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Comunicación escrita e elaboración de informes. FC14037

#### Obxectivos:

Actualizar os coñecementos na elaboración da correspondencia escrita utilizando de forma correcta os termos e expresións e tendo en conta os novos soportes e a incidencia das novas tecnoloxías.

#### Destinatarios:

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 6

Lugares e datas:

A Coruña, do 5 ao 13 de marzo

Lugo, do 21 ao 30 de abril

Ourense, do 5 ao 15 de maio

Pontevedra, do 19 ao 29 de maio

Santiago de Compostela, do 2 ao 12 de xuño

- Regraxe de banqueta, espaldo, reposacabeza
- Colocación dos espellos interior e exterior
- Distancia a pedais e volante
- Cinto de seguridade
- Posición das pernas
- Manexo do volante en recta ou en curva
- Utilización da vista na condución
- Observación e anticipación

2. TRAZADOS

- Tipos de curvas
- Simples, dobres longas, enlazadas e cegas
- Preparación antes da viraxe
- Zonas dunha curva
- Forza centrífuga

- Os cambios de apoio
- Consecuencias da condución instintiva

### 3. FREOS

- Na condución normal
- Na emerxencia
- Na recta ou na curva
- Bloqueo de rodas
- Perdas de dirección
- Perdas de control
- Situacións críticas
- A freada óptima
- Sistemas antibloqueo das rodas (ABS e outros).

### 4. SUPERFICIE DESLIZANTE

- Tracción dianteira
- Propulsión traseira
- Subviraxe (deslizamento do eixe dianteiro)
- Sobreviraxe (deslizamento do eixe traseiro)
- Control en ambos os casos
- O neumático e a presión do mesmo
- A deriva e a súa influencia no comportamento do vehículo
- O aquaplaning
- A neve
- O xeo
- Consellos prácticos

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### **Rexistro e información administrativa. FC14066**

#### **Obxectivos:**

Coñecer como rexistrar documentación, compulsar e emitir certificacións sobre as actividades de rexistro; a información administrativa da Xunta de Galicia ofrecida polas oficinas de atención á cidadanía (información e/ou rexistro).

#### **Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia vinculado ás actividades de rexistro e/ou información administrativa que non teña realizado este curso en anos anteriores.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 7

Lugares e datas:

A Coruña, do 5 ao 8 de maio

Ferrol, do 12 ao 15 de maio

Lugo, do 19 ao 22 de maio

Ourense, do 26 ao 30 de maio

Pontevedra, do 2 ao 5 de xuño

Santiago de Compostela, do 21 ao 24 de abril

Vigo, do 9 ao 12 de xuño

Prazas: 140

#### **Contido básico:**

A actividade de rexistro: entradas e saídas; compulsas e certificacións; a organización do Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia e da rede de Portelo Único; a recepción de solicitudes, escritos e comunicación e a preparación para a súa remisión ao destinatario. A información administrativa: tipos, actualización e acceso á información; suxestións e queixas.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Habilidades de comunicación e organización de recursos. FC14173

#### Obxectivos:

Adquirir as habilidades e os coñecementos necesarios para desenvolver postos con funcións de relación con outros órganos da Administración, empresas e particulares.

#### Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos C1 e C2.

#### Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 2 ao 12 de xuño

Prazas: 25

#### Contido básico:

- I) Comunicacions no ámbito da Administración
- II) Habilidades sociais
- III) Planificación de tarefas
- IV) Organización de reunións e eventos

#### Convocatoria:

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

### Solicitudes de autorizacións administrativas, declaracións responsables e comunicacións previas. FC14174

#### Obxectivos:

Dende a transposición da Directiva de Servizos tense experimentado grandes cambios de procedementos administrativos, transformando procedementos que concluían en licenzas ou autorizacións administrativas en tomas de razón de declaracións responsables ou meras comunicacións previas. A harmonización europea daqueles procedementos tamén condiciona a súa instrución, polo que convén coñecer as normas e recomendacións da UE na materia.

#### Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración autónoma galega dos grupos A1, A2, C1, I, II e III.

#### Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 ao 26 de febreiro

A Coruña, do 19 de setembro ao 30 de setembro

Prazas: 40

#### Contido básico:

- 1) A simplificación administrativa: motivacións xurídicas e económicas da UE.
- 2) A iniciativa Regulación intelixente.
- 3) Transposición en España da Directiva de Servizos.
- 4) Incidencia na modificación das leis de Réxime Xurídica das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común e na de Bases do Réxime Local.
- 5) Excepcionalidade das autorizacións administrativas.
- 6) Declaracións responsables: características e modelos.
- 7) Comunicacións previas: características e modelos.
- 8) Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e Ventanilla Única da Directiva Servizos (VUDS).
- 9) Difusión de mellores prácticas administrativas pola Comisión Europea.
- 10) Modelos comparados na UE.

#### Convocatoria:

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

### Elaboración de contratos programa ou contratos de xestión. FC14178

#### Obxectivos:

Acadar os coñecementos necesarios para integrar un equipo de traballo con capacidade para elaborar, renovar ou modificar un contrato programa ou un contrato de xestión.

#### Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que desempeñe tarefas relacionadas co contido do curso.

#### Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 13 ao 16 de outubro

Prazas: 30

#### Contido básico:

- Presentación
- Introducción
- Achegamento á normativa
- Proceso de elaboración dun contrato programa ou contrato de xestión.
- Contido do contrato programa ou contrato de xestión (1º parte).
- Realización de prácticas.
- Contido do contrato programa ou contrato de xestión (2º parte).

#### Convocatoria:

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

### O teletraballo no sector público autonómico de Galicia. FC14181

#### Obxectivos:

O obxectivo do curso é dar a coñecer a modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo no sector público autonómico.

#### Destinatarios:

Persoal funcionario, estatutario e laboral que presta servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Persoal funcionario e laboral que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 4

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 14 e 15 de outubro

A Coruña, 11 e 12 de novembro

Lugo, 13 e 14 de novembro

Ourense, 18 e 19 de novembro

Prazas: 120

#### Contido básico:

Módulo I: Introducción

- Concepto de teletraballo
- Vantaxes e desvantaxes.
- Antecedentes: Experiencia piloto desenvolvida na Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- Marco normativo. Referencia Orde conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexibilidade horaria e ou teletraballo no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Módulo II: Concepto e requisitos

- Concepto

Requisitos:

- Subxectivos
- Obxectivos

Módulo III: Aspectos procedementais

- Solicitud
- Informes
- Resolución
- Causas de cesamento no réxime de teletraballo

Modulo IV: Supervisión

- Módulo de seguimento
- A figura do supervisor

Módulo V: Aspectos tecnolóxicos

- Solicitud de acceso aos recursos informáticos: Información sobre a VPN, instalación, configuración e solicitud de usuario.
- Solicitud de acceso aos distintos servidores de ficheiros compartidos
- Solicitud de acceso ás aplicacións
- Descrición da utilización do sistema de fichaxe
- Procedemento de fichaxe durante a xornada de teletraballo

Módulo VI: Avaliación do teletraballo noutras administracións

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. FC14069**

**Obxectivos:**

Achegamento aos conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e ás ferramentas necesarias para a integración da perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 12 ao 21 de maio

Prazas: 25

**Contido básico:**

Conceptos básicos: Políticas de Igualdade; enfoque de xénero, mainstreaming de xénero. Marco normativo. Identificación e análise da pertinencia de xénero nas actuacións da Administración. Uso da linguaxe non sexista e protección da imaxe pública das mulleres

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).



### Violencia de xénero. FC14071

**Obxectivos:**

Profundar nos coñecementos en materia de violencia de xénero e dos recursos postos a disposición das persoas afectadas.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 24 de marzo ao 2 de abril

Prazas: 25

**Contido básico:**

1. Análise histórica sobre os roles de xénero
2. O marco normativo estatal e autonómico: actuacións no ámbito xudicial
3. A orde de protección e outras medidas de protección: actuacións das forzas e corpos de seguridade
4. A abordaxe da violencia de xénero dende a intervención psicolóxica
5. As redes de trata de persoas con fins de explotación sexual: outra forma de violencia de xénero
6. Boas prácticas no ámbito local
7. Programas e recursos da Administración autonómica para a erradicación da violencia

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Elaboración de normativa con perspectiva de xénero. FC14175

**Obxectivos:**

Realizar unha proposta metodolóxica dirixida ao persoal implicado na elaboración de normativa para orientar o seu traballo en relación coa introdución da perspectiva de xénero.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1 e A2.

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 24 de novembro ao 3 de decembro

Prazas: 25

**Contido básico:**

1. Marco normativo e conceptual
2. A pertinencia de xénero: Definición, identificación e elementos básicos para a análise
3. As estratexias das políticas de igualdade: accións positivas e mainstreaming de xénero
4. Avaliación do impacto en función do xénero
5. Exemplos prácticos

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Igualdade de xénero: perspectiva xurídica. FC14180**

**Obxectivos:**

Análise da igualdade de xénero desde o ámbito xurídico.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 ao 19 de novembro

Prazas: 25

**Contido básico:**

1. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito internacional
2. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito europeo
3. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no marco estatal
4. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito autonómico
5. O VI Plan galego para a igualdade de mulleres e homes. Estratexia 2012-2015

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Curso práctico sobre a Lei 16/2010, do 17 de decembro (LOFAXGA): principais novidades da lei de racionalización do sector público. FC14072**

**Obxectivos:**

A Lei 16/2010, de 17 de decembro, configúrase como un dos texto legais de cabeceira no funcionamento e no desenvolvemento da actividade administrativa da nosa CCAA.

A nova Lei de racionalización do sector público incorpora algunhas novidades na súa formulación coa finalidade de mellorar e racionalizar a xestión do sector público autonómico e a actividade administrativa.

A través deste curso preténdese realizar unha análise práctica dos citados textos legais tendo en conta a experiencia dos letrados da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia na súa aplicación.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 5 ao 15 de maio

Prazas: 25

**Contido básico:**

1. O ámbito de aplicación da Lei 16/2010, de 17 de decembro e o réxime xurídico do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. A simplificación e racionalización administrativa.
2. O réxime xurídico dos órganos colexiados.
3. A estrutura da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. A titularidade da potestade regulamentaria e o principio de reserva de lei. O procedemento de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral. A racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa.
5. Os entes instrumentais do sector público autonómico. Principais novidades da Lei de racionalización do sector público autonómico. A colaboración dentro do sector público. As encomendas de xestión.
6. O réxime xurídico dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.
7. O réxime xurídico das entidades públicas empresariais e os consorcios.

8. O réxime xurídico das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Dereito sancionador e o seu control xurisdicional. FC14074**

**Obxectivos:**

Perfeccionar o coñecemento dos principios que rexe a aplicación das normas sancionadoras e o proceso sancionador, así como analizar o control pola xurisdición contencioso administrativa da potestade sancionadora da Administración.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos A1, A2 e C.

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 ao 26 de febreiro

Prazas: 25

**Contido básico:**

- A potestade sancionadora da Administración. Principios que regulan o exercicio da potestade sancionadora. A súa translación ao Dereito penal .
- O procedemento administrativo sancionador. Suxeitos e responsabilidade. Formas de inicio. Actuacións previas e medidas cautelares.
- Procedemento administrativo sancionador e proceso penal: relacións e interferencias. O principio non bis in idem.
- Cómputo de prazos para o procedemento sancionador: prescrición e caducidade.
- A suspensión no procedemento sancionador. A executividade e suspensión das sancións na vía administrativa.
- A proba no procedemento sancionador. A presunción de inocencia e a carga da proba. A presunción de validez das actas dos axentes da autoridade.
- A resolución sancionadora: a súa motivación e notificación. Congruencia e cambio de cualificación.
- Os recursos administrativos contra as sancións administrativas.
- Aspectos prácticos da impugnación das sancións na xurisdición contenciosa.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Básico en prevención de riscos laborais. FC14076**

**Obxectivos:**

Formar os traballadores en materia de prevención de riscos laborais, segundo o establecido no Anexo IV B) do Real Decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 3 de marzo ao 4 de abril

T02: do 28 de abril ao 2 de xuño

T03: do 15 de setembro ao 16 de outubro

T04: do 27 de outubro ao 28 de novembro

Prazas: 200

**Contido básico:**

- I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
  - O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco.
  - Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
  - Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos.
- II. Riscos xerais e a súa prevención.
  - Riscos ligados ás condicións de seguridade.
  - Riscos ligados ao medio de traballo.
  - A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral.
  - Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual.
  - Medidas de emerxencia e evacuación.
  - O control da saúde dos traballadores.
- III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade.
- IV. Elementos básicos de xestión da prevención.

- Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo.
- Organización do traballo preventivo.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Os primeiros auxilios. FC14077

**Obxectivos:**

Capacitar aos traballadores para prestar asistencia inmediata ás vítimas de accidentes antes da chegada do persoal médico especializado.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con coñecemento e acceso a internet.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 17 de marzo ao 11 de abril

T02: do 21 de abril ao 16 de maio

T03: do 15 de setembro ao 3 de outubro

T04: do 20 de outubro ao 14 de novembro

Prazas: 200

**Contido básico:**

Que son os primeiros auxilios? Activación do sistema de emerxencia. Valoración da vítima. Hemorragias. Shock. Estados de inconsciencia. Respiración artificial. Reanimación cardiopulmonar (R.C.P.). Atragoamentos. Feridas. Queimaduras. Fracturas. Intoxicacións. Accidentes oculares. Transporte de feridos.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos. FC14078

**Obxectivos:**

Formar os traballadores da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde laboral segundo o establecido no artigo 19 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que realiza traballos de carácter administrativo.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 17 de marzo ao 4 de abril

T02: do 14 de abril ao 5 de maio

T03: do 22 de setembro ao 10 de outubro

T04: do 20 de outubro ao 7 de novembro

Prazas: 200

**Contido básico:**

- Posto de traballo: a mesa, a cadeira, o ordenador.
- A postura de traballo.
- O coidado do lombo.
- Riscos xenéricos relacionados coas características do lugar de traballo.
- Riscos picosociais. O estrés laboral.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Prevención de riscos laborais para o persoal responsable dos centros de traballo da Xunta de Galicia. FC14079**

**Obxectivos:**

Cofecer a xestión en materia de seguridade e saúde laboral nos centros de traballo, con especial atención á planificación da actividade preventiva e a implantación das medidas de emerxencia.

**Destinatarios:**

Subdirectores/as xerais, xefes/as de servizo e especialmente destinado aos/ás directores/as de centros e responsables das unidades administrativas da Administración pública da Xunta de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 21 ao 23 de maio

Prazas: 30

**Contido básico:**

UD 1: Conceptos básicos sobre seguridade no traballo. A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes.

UD 2: Elementos básicos da xestión de prevención de riscos. O Plan de Prevención.

UD 3: A avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva. A coordinación de actividades empresariais.

UD 4: Actuación en caso de emerxencia. Documentación e implantación das medidas de emerxencia.

UD 5: O Plan de autoprotección.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro)

**Prevención de riscos laborais para o persoal veterinario. FC14080**

**Obxectivos:**

Formar o persoal veterinario da Xunta de Galicia acerca dos riscos inherentes ao seu posto de traballo tal como sinala o art. 19 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 10 de marzo ao 4 de abril

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. A Lei de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento aplicable.

2. A organización da prevención de riscos laborais na Xunta de Galicia

3. Riscos derivados dos diferentes lugares de traballo no sector e das diferentes tarefas.

4. Riscos derivados do manexo de animais. Prácticas axeitadas.

5. Exposición a axentes biolóxicos na manipulación de animais e mostras e produtos biolóxicos.

6. Seguridade no transporte de material biolóxico.

7. Seguridade nos traballos de laboratorio.

8. Medidas hixiénicas.

9. Equipamentos de protección individual. Selección mantemento e uso correcto.

10. Procedementos de primeiros auxilios e emerxencia.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación. FC14081**

**Obxectivos:**

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia, segundo sinala a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 5

Lugares e datas:

A Coruña, 20 e 21 de marzo

Lugo, 27 e 28 de marzo

Ourense, 3 e 4 de abril

Pontevedra, 10 e 11 de abril

Santiago, 24 e 25 de abril

Prazas: 125

**Contido básico:**

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios. Actuación en caso de emerxencia.
- Primeiros auxilios.
- Prácticas con lume real: extintores e bocas de incendios equipadas.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

---

## b. Consellería de Facenda

---

**Curso práctico de xestión orzamentaria. FC14010**

**Obxectivos:**

Análise práctica da xestión orzamentaria. Acadar coñecementos teóricos e prácticos relativos á xestión orzamentaria dos distintos axentes do sector público autonómico.

**Destinatarios:**

Funcionarios dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolvan actividades relacionadas coa xestión económica.

**Desenvolvemento:**

Duración: 50 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 21 de abril ao 20 de maio

Prazas: 25

**Contido básico:**

Orzamentos:

- Elaboración e aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma
- As estruturas orzamentarias
- As modificacións de crédito

Execución Orzamentaria:

- Execución do orzamento de ingresos
- Execución do orzamento de gastos
- Documentos contables
- Operacións de peche do exercicio

Control:

- Función interventora
- Control financeiro

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**O Sistema de Información Corporativa de Nómina e Recursos Humanos da Xunta de Galicia. FC14011**

**Obxectivos:**

Formación avanzada sobre o Sistema de Información Corporativo de Nómina e Recursos Humanos e as distintas plataformas informáticas que lle prestan soporte. Sistema de Información de Nómina. Sistema de Información de Recursos Humanos BREIXO. Oficina Virtual do Empregado Público

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 42 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 22 de abril ao 12 de xuño

Prazas: 15

**Contido básico:**

- O Sistema de Información Corporativo de Nómina e Recursos Humanos da Xunta de Galicia. Características xerais e plataformas dispoñibles.
- Aspectos normativos e legislativos da confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica. Persoal funcionario, interino, laboral e temporal.
- A orde de confección de nóminas. A asignación orzamentaria. Persoal da Administración xeral, Administración educativa, Administración de xustiza.
- O procedemento de confección, xeración e pagamento das nóminas na Comunidade Autónoma.
- Aspectos normativos e legislativos relativos ao cálculo do IRPF e das cotizacións sociais: Seguridade Social e Mutuas (MUFACE e MUGEJU).
- A entrada de datos. Altas e baixas de contratos. Afiliacións á Seguridade Social. Casos prácticos.
- Partes de incidencias en nómina. Pago de atrasos, pagos únicos, antigüidade. Casos prácticos.
- Incapacidades temporais, licenzas por maternidade, paternidade, licenzas sen soldo. Casos prácticos.
- Xeración da nómina. Listaxes e cadre. Retencións e reintegros. Casos prácticos.
- O cálculo da Seguridade Social. Listaxes, cadre e presentación de TC's. Convenio



de relación contable. Casos prácticos.

- A conexión da nómina con sistemas de información externos: Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Mutualidades, Entidades Bancarias. A Oficina Virtual do Empregado Público. Casos prácticos.
- Integración do Sistema de Información de Nómina co Sistema de Información Contable da Xunta de Galicia XUMCO2. Casos prácticos.
- Integración do Sistema de Información de Nómina co Sistema de Análise de Informes. Datawarehouse e cadro de mando.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**O Sistema de Información de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. FC14012**

**Obxectivos:**

Formación avanzada sobre o Sistema de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e das distintas plataformas que consta: Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, Sistema de Licitación Electrónica, Sistema Electrónico de Facturación e Rexistro de Contratos.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia .

**Desenvolvemento:**

Duración: 21 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 1 de outubro ao 12 de novembro

Prazas: 15

**Contido básico:**

- Presentación do curso. O Sistema de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (SICON). Características xerais. Plataformas e servizos. A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. A Oficina Virtual Tributaria. Ligazóns e conexións con outras plataformas de contratación.
- Aspectos normativos e legislativos do Sistema de Licitación Electrónico, do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma e do Sistema Electrónico de Facturación. Casos prácticos.
- O Cliente Cixtec Web. Acceso á plataforma e aos sistemas. O Rexistro Xeral de Contratistas. Aplicación informática e conexións con outros sistemas. Casos prácticos.
- O Sistema de Licitación Electrónico. Aplicación informática e conexións con outros sistemas. Casos prácticos.
- O Sistema Electrónico de Facturación. Aplicación informática e conexións con outros sistemas. Casos prácticos.
- Integración das diferentes plataformas co Sistema de Información Contable da Xunta de Galicia Xumco2 e co Sistema de Análise de Informes, Datawarehouse e cadro de mando.

- Resumo dos temas tratados. Proba de aproveitamento. Enquisa de satisfacción.  
Peche do curso.

**Convocatoria:**

Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 03 de xuño).

**Aproveitamento da información estatística dispoñible no IGE: introdución ao software libre R. FC14013**

**Obxectivos:**

Familiarizar aos asistentes cos distintos medios de acceso á información do Instituto Galego de Estatística (IGE), principalmente á web -vía principal de difusión de información do instituto- . Mostrarase como acceder á información que existe na web e as ferramentas que nela existen e que permiten facer unha primeira análise dos datos. Tamén se mostrarán posibles usos da información.

**Destinatarios:**

O persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que teña interese na estatística.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 5 ao 30 de maio

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. Descrición do sitio web. Acceso ao uso da información.
2. Instalación e primeiros pasos co programa estatístico R. Sintaxe. Estruturas de datos.
3. Manexo da información estatística con R.
4. Iniciación á análise estatística con R.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Irregularidades na xestión de expedientes financiados con fondos comunitarios. FC14014**

**Obxectivos:**

Análise teórico-práctica da normativa vixente no eido do financiamento e control dos fondos comunitarios. Especial análise das incidencias e irregularidades máis habituais neste eido así como o seu tratamento. As auditorías de expedientes financiados con fondos comunitarios.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que participe na xestión dos expedientes cofinanciados con fondos da Unión Europea.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 de marzo ao 1 de abril

Prazas: 20

**Contido básico:**

- Análise da normativa vixente. Supostos prácticos.
- Actividade de auditoría. O período auditor. Fases e preparación.
- Auditoría de operacións. Auditoría de sistemas.
- Aspectos específicos na documentación que se achega con cada tipo de expediente. Principais incidencias e irregularidades e o seu tratamento.
- Tramitación dos expedientes. Aplicacións informáticas específicas.
- Actividade de auditoría no novo Marco 2014-2020.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**A xestión do Feder. FC14024**

**Obxectivos:**

Dar a coñecer a xestión do FEDER e a súa normativa reguladora, a tipoloxía de gastos que financia, os indicadores de seguimento, as axudas públicas, o control, seguimento e inspección deste fondo, publicidade das accións, etc., de cara a acadar unha xestión máis áxil e eficaz e coñecer as novidades dentro do novo Marco 2014-2020 nos aspectos normativo e financeiro.

**Destinatarios:**

Funcionarios dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e laborais dos grupos I, II e III do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia que realicen tarefas directamente relacionadas coa xestión do FEDER nas datas de celebración do curso.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 24 ao 26 de febreiro

Prazas: 30

**Contido básico:**

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

#### **A xestión do FSE. FC14025**

##### **Obxectivos:**

Dar a coñecer a xestión do FSE e a súa normativa reguladora, a tipoloxía de gastos que financia, os indicadores de seguimento, as axudas públicas, o control, seguimento e inspección deste fondo, publicidade das accións, etc., de cara a acadar unha xestión máis áxil e eficaz e coñecer as novidades dentro do novo Marco 2014-2020 nos aspectos normativo e financeiro.

##### **Destinatarios:**

Funcionarios dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e laborais dos grupos I, II e III do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia que realicen tarefas directamente relacionadas coa xestión do FSE nas datas de celebración do curso.

##### **Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 11 ao 13 de marzo

Prazas: 50

##### **Contido básico:**

Pendente de concretar

##### **Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

## c. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

---

**Cambio climático. FC14006****Obxectivos:**

Facilitarlles aos traballadores da Administración autonómica coñecementos prácticos e habilidades técnicas susceptibles de aplicación nos seus postos de traballo, permitindo, facer fronte aos retos complexos do cambio climático a través dos seus respectivos ámbitos de responsabilidade nos sectores que inciden no medio.

Facilitar a comprensión do fenómeno do cambio climático, así como do desenvolvemento normativo que, desde unha escala internacional, compromete aos diferentes países no cumprimento de obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Permitirlle ao alumno coñecer, entre outras cuestións, a determinación das emisións de gases de efecto invernadoiro mediante a elaboración de inventarios, así como o funcionamento do mercado de dereitos de emisión e a xestión de diversos mecanismos e principais ferramentas e modelos como base para a adopción de actuacións fronte ao cambio climático.

**Destinatarios:**

Está destinado principalmente a funcionarios dos grupos A1 e A2 de todas as Consellerías que para o desenvolvemento dos seus traballos técnicos necesiten ou estean interesados na adquisición de coñecementos de cambio climático, así como para aqueles que desexen formarse neste campo e poidan despois participar na elaboración de políticas, tanto de mitigación como de adaptación.

**Desenvolvemento:**

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 ao 25 de febreiro

Prazas: 25

**Contido básico:**

O desenvolvemento dunha serie de bloques permitiránlle ao asistente adquirir coñecementos e desenvolver aptitudes técnicas mediante o manexo de diferentes ferramentas prácticas.

Os bloques centraranse nos seguintes aspectos xerais:

BLOQUE 1: meteoroloxía e climatoloxía

BLOQUE 2: observación e predición

BLOQUE 3: cambio climático e actuacións de loita fronte ao fenómeno

BLOQUE 4: mitigación

BLOQUE 5: adaptación

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Divulgación da lexislación cinexética vixente en Galicia. FC14007

#### Obxectivos:

Incrementar a formación daqueles traballadores públicos que teñen encomendadas funcións de custodia, xestión e vixilancia dos recursos cinexéticos en Galicia, actualizando os seus coñecementos no tocante á lexislación cinexética aplicable na comunidade autónoma.

#### Destinatarios:

Persoal da administración Autonómica con funcións de vixilancia e xestión dos recursos cinexético (persoal técnico, axentes e vixilantes medioambientais preferentemente).

#### Desenvolvemento:

Duración: 16 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 26 de maio ao 2 de xuño

Prazas: 40

#### Contido básico:

- A caza e os cazadores. Exercicio da caza en Galicia
- Clasificación dos terreos a efectos cinexéticos en Galicia.
- Modalidades de caza: organización, condicións e procedemento.
- Planificación e ordenación dos recursos cinexéticos.
- Seguridade na caza.
- Responsabilidade na caza.
- A vixilancia na caza.
- Entidades colaboradoras e órganos consultivos. Xunta de homologación de trofeos de caza.
- Procedemento e réxime sancionador: principios constitucionais e xerais do Dereito. Procedemento administrativo sancionador.
- Vixilancia sanitaria da fauna silvestre en Galicia.
- Manexo de fauna salvaxe. Medidas de protección e bioseguridade.

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

### Novidades normativas en materia de transportes. FC14008

#### Obxectivos:

Formar o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia nos recentes cambios normativos aprobados no sector do transporte, nos eidos europeo, nacional e autonómico.

#### Destinatarios:

Funcionarios dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia interesados na materia.

#### Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 ao 24 de marzo

Prazas: 25

#### Contido básico:

- Lei 11/2013 e as modificacións na Lei 16/1987, de ordenación dos transportes terrestres
- Regulamento 1370/2007, de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada
- Regulamento 181/2011, de dereitos dos viaxeiros en autobús
- Lei 4/2013, de transporte público de persoas en vehículos de turismo
- Lei 15/2009, do contrato de transporte terrestre de mercadorías
- Orde FOM 1882/2012, das condicións xerais de contratación no transporte de mercadorías
- Orde FOM/2861/2012, pola que se regula o documento de control administrativo esixible para a realización de transporte público de mercadorías por estrada
- Orde FOM/1230/2013, pola que se establecen normas de control en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Os Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT): Sistema de Axuda á Explotación (SAE) e Sistema de Información Xeográfica (SIX). FC14009**

**Obxectivos:**

O curso está orientado á adquisición de coñecementos teóricos e prácticos acerca dos Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT) aplicados na xestión dos servizos de transporte público de viaxeiros, interurbano e metropolitano, especificamente en canto aos Sistemas de Axuda á Explotación (SAE) e as súas posibilidades na mellora da eficacia na prestación dos servizos e na xestión administrativa e aos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) como ferramenta para tratar a información xeoespacial de maneira eficiente.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración autonómica dos grupos A1, A2 e C1 interesados na materia obxecto do curso.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 6 ao 15 de maio

Prazas: 25

**Contido básico:**

BLOQUE I: Os Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT): introdución e normativa comunitaria e española.

BLOQUE II: Os Sistemas de Axuda á Explotación (SAE) no transporte público de viaxeiros por estrada, interurbano e metropolitano: xestión de flotas, centro de control, sistemas de billeteaxe e información ao viaxeiro.

BLOQUE III: O Sistema de Información Xeográfica (SIX): manexo da ferramenta orientado á xestión da información dos servizos de transporte.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

e. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación  
Universitaria

---

### Aproximación aos proxectos de dixitalización para bibliotecas públicas. FC14004

#### Obxectivos:

O presente curso pretende ser unha toma de contacto dos profesionais das bibliotecas públicas de Galicia coas posibilidades que ofrece a dixitalización para o seu catálogo de servizos.

Ao longo do curso intentaremos achegarnos de forma sinxela ás recomendacións de boas prácticas que debe de seguir todo proxecto de dixitalización e ás normativas e estándares internacionais que é preceptivo aplicar para lograr a maior visibilidade posible a través dos grandes programas de dixitalización nacionais e internacionais.

Tamén nos aproximaremos ao proxecto de Galiciana como vía integradora e de difusión dos distintos proxectos de dixitalización en Galicia e centrarémonos, fundamentalmente, en como dende unha biblioteca pública se podería contribuír ao enriquecemento da colección da Biblioteca Dixital de Galicia.

Por último trataremos de mostrar as posibilidades que Galiciana e os grandes agregadores a nivel nacional e europeo (Hispana e Europea) poden ofrecer para satisfacer as necesidades de información dos usuarios das bibliotecas públicas e veremos algúns exemplos dos proxectos de dixitalización máis destacados que se fan actualmente coa participación de bibliotecas públicas.

#### Destinatarios:

Persoal das bibliotecas públicas de Galicia

#### Desenvolvemento:

Duración: 16 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 24 e 25 de marzo

Prazas: 25

#### Contido básico:

1. Que é un proxecto de dixitalización?
  - Por que dixitalizar?
  - Como é o proceso de selección?
2. Requisitos técnicos das imaxes
3. Xestión da colección dixital
  - Metadatos

4. Coñecer Galiciana, Hispana e Europea: utilidades para os usuarios das bibliotecas públicas

5. Práctica : Como afrontar un proxecto de dixitalización dende unha biblioteca pública?

- Exemplos de dixitalización con implicación de bibliotecas públicas

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).



**Novas normativas para o rexistro de autoridades. FC14005****Obxectivos:**

O catálogo de autoridades é un sistema dinámico, vivo e aberto xa que se nutre constantemente de novos datos que esixen cambios, modificacións e revisións. O obxectivo do curso é polo tanto a formación dos técnicos bibliotecarios nas novas normativas no rexistro de autoridades e a adaptación dos puntos de acceso dos catálogos a estas novas normas.

**Destinatarios:**

Persoal técnico de bibliotecas de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 28 e 29 de abril

Prazas: 25

**Contido básico:**

1. Teoría e evolución das autoridades
  - Pequena historia do concepto e da evolución da normativa de autoridades
  - As autoridades en XLM
  - Os SKOS para materias
  - As FRBR e as FRAR, a nova conceptualización para catalogación
  - As RDA e a adopción de novas normas. As consecuencias das RDA nos rexistros de MARC 21 para autoridades.
2. Práctica de descrición de autoridades (en MARC 21)
  - Autoridades de autor persoal
  - Autoridades de entidade
  - Autoridades xeográficas
  - Autoridades de materia

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Arquivos e xestión documental ante a web semántica. FC14015****Obxectivos:**

Dar a coñecer as tecnoloxías da web semántica e a súa aplicación na xestión e difusión documental co fin de compartir, relacionar e reutilizar a información e a documentación.

**Destinatarios:**

Arquiveiros e profesionais relacionados cos arquivos e os xestores documentais e técnicos do sector das TIC.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 21 e 22 de abril

Prazas: 30

**Contido básico:**

1. Que é a web semántica: características.
2. Usos da web semántica e aplicacións en arquivos e institucións culturais.
3. Comprender a web semántica: descrición de recursos, estrutura de datos (RDF-S), ontoloxías e linguaxe OWL.
4. Presentación do caso da BNE: Mapa de procesos-SGD-Intranet
5. Retos e oportunidades para arquiveiros e xestores documentais.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Identificación, valoración e selección documental na Administración autonómica.  
FC14016**

**Obxectivos:**

Ofrecer formación práctica para o coñecemento dos procedementos da Administración autonómica co fin de normalizar a súa produción, tramitación, vixencia e selección.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, técnicos de arquivos e responsables de unidades de tramitación e custodia de procedementos administrativos.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 24 e 25 de marzo

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Análise e identificación de documentos.
- Criterios de valoración.
- Criterios de selección.
- Prácticas.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Xestión académica e administrativa nos centros de educación infantil e primaria.  
FC14001**

**Obxectivos:**

Mellorar a cualificación e adquisición de competencias dos empregados públicos.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C1 e C2 con coñecementos de Internet e con conta de correo edu.xunta.es.

**Desenvolvemento:**

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 17 de febreiro ao 31 de marzo

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. Aplicacións en contorno Web: estrutura e nocións básicas sobre o funcionamento da aplicación.
2. Configuración da aplicación: datos por defecto, configuracións de inicio de curso, usuarios e perfís.
3. A xestión do profesorado: altas, modificacións, control de asistencia, avaliación, expedientes, histórico...
4. Secretaría: entradas e saídas, inventario, libros de escolaridade e reunións de órganos colexiados.
5. Informes: informes predefinidos e xerador de informes.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Xestión académica e administrativa nos centros de educación secundaria. FC14002**

**Obxectivos:**

Mellorar a cualificación e adquisición de competencias de empregados públicos.

**Destinatarios:**

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, dos grupos C1 e C2 con coñecementos de Internet e con conta de correo edu.xunta.es.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 17 de febreiro ao 31 de marzo

T02: do 1 de abril ao 20 de maio

Prazas: 100

**Contido básico:**

1. Aplicacións en contorno web: estrutura e nocións básicas sobre o funcionamento da aplicación.
2. Configuración da aplicación: datos por defecto, configuracións de inicio de curso, usuarios e perfís.
3. A xestión do profesorado: datos persoais e profesionais, horario, substitutos, control de asistencia e baixas, histórico.

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Xestión da aplicación informática do persoal docente. FC14003**

**Obxectivos:**

Formar os participantes na aplicación informática de xestión de persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Destinatarios:**

Persoal funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que traballe na xestión de persoal docente.

**Desenvolvemento:**

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

A Coruña, do 6 de marzo ao 15 de maio

Prazas: 20

**Contido básico:**

1. Introducción. Aplicación web versus aplicación Educa 2000.
2. Xestión de datos: corpos, especialidades, situacións administrativas, licenzas, prórrogas, trienios, sexenios., etc.
3. Listaxes
4. Informes
5. Utilidades

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

## f. Consellería de Traballo e Benestar

---

### As cualificacións profesionais no Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa integración no SISPE. FC14088

#### Obxectivos:

Percorrido dende as orixes do sistema de cualificacións profesionais en España ata a súa integración no sistema educativo español e por último no Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego de España (SISPE).

Ten por obxectivo afondar no coñecemento do sistema das cualificacións profesionais e formar o persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) na vindeira integración no sistema de información do SPEG.

#### Destinatarios:

Persoal dos grupos A1, A2, C1, C2, I, II, III e IV da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente das oficinas de emprego e das áreas de Traballo da Consellería de Traballo e Benestar.

#### Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 5

Lugares e datas:

A Coruña, do 9 ao 13 de xuño

Lugo, do 12 ao 16 de maio

Ourense, do 26 ao 30 de maio

Santiago de Compostela, do 2 ao 6 de xuño

Vigo, do 19 ao 23 de maio

Prazas: 100

#### Contido básico:

- O sistema das cualificacións profesionais no ámbito educativo español: Orixes e normativa regulatoria
- As cualificacións Profesionais en SISPE
- Introducción á formación profesional para o emprego na demanda
- Cruces de información
- SICAS e as cualificacións profesionais

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro).

**Exposición ao amianto nos edificios. Xestión do risco. FC14089**

**Obxectivos:**

Impartir formación aos técnicos sobre a correcta xestión do risco derivado da presenza de materiais con amianto nos edificios.

**Destinatarios:**

Persoal técnico do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e persoal técnico dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta.

**Desenvolvemento:**

Duración: 14 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 6 e 7 de maio

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Mineraloxía do amianto e propiedades. Efectos do amianto sobre a saúde. Fontes de exposición. RD 396/2006, art. 11. Plans de traballo.
- Importacións de amianto en España. Uso de materiais con amianto na construción
- Elementos construtivos utilizados en España sobre a base das características do amianto.
- Inspección de amianto en edificios: metodoloxías
- Materiais sospeitosos de conter amianto: estratexia e método de toma de mostras
- Amianto instalado: situacións de risco
I. O urbanismo en Galicia. Reparto de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Normativa xeral aplicable na comunidade de Galicia. Un breve repaso pola normativa sectorial en materia de urbanismo aplicable na comunidade de Galicia.

II. Réxime urbanístico do solo. Clases e categorías de solo. Dereitos e obrigas.

III. O Planeamento urbanístico. Clases de planeamento. Elaboración e aprobación. Execución do planeamento.

IV. Intervención na edificación e uso do solo. Licenzas, novidades introducidas pola Directiva de Servizos. Deber de conservación. A declaración de ruína. O fomento da conservación e rehabilitación das edificacións tradicionais.

V. A disciplina urbanística. A inspección urbanística. A protección da legalidade urbanística. As infraccións e sancións urbanísticas. Os delitos urbanísticos.

VI. Urbanismo e protección do medio ambiente. Urbanismo e protección do patrimonio.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**A Lei de montes: competencias dos concellos. LO14003****Obxectivos:**

O curso centrase nas competencias das entidades locais referentes aos montes, destacando competencias e xestión e a especial protección destes.

Estudo da normativa sectorial referente aos montes de Galicia e a súa relación normativa xeral reguladora das competencias dos concellos.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal técnico ao servizo das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 2 de xuño ao 7 de xullo

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. Os montes. Distribución de competencias recollida na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia. Desenvolvemento lexislativo: A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes; a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Outra normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Os montes. Competencias do Estado. Competencias asumidas pola Xunta de Galicia. A planificación e xestión forestal. Os recursos forestais. O sistema rexistral galego. Réxime sancionador en materia de montes.

III. Os montes. Clases e réxime xurídico. Especial atención ás competencias das entidades locais de Galicia.

IV. Os montes veciñais en man común. Regulación e especialidades. A Lei 13/1989, do 10 de outubro.

V. Os montes. Regulación urbanística. Normativa e especialidades. Especial atención a participación das entidades locais.

VI. Os montes. Especialidades en materia de expropiación de montes. A prevención

e defensa contras os incendios, a Lei 3/2007, do 9 de abril.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**A liberalización do sector eléctrico. LO14004****Obxectivos:**

Estudo da normativa dos sector eléctrico no referido ás entidades locais, especialmente no eido da contratación de servizos de abastecementos eléctricos e no eido das novas tecnoloxías para o aforro enerxético.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 6 de xuño ao 10 de xullo

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. O sector eléctrico. Distribución de competencias do réxime enerxético no Estado das autonomías. Constitución e Estatuto de Autonomía. Lexislación básica e lexislación de desenvolvemento autonómico. Un breve exame á nova Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

II. O sector eléctrico. A obriga dos concellos da prestación do servizo de alumeado público. Natureza, contido e financiamento. O servizo de alumeado público nos concellos de menos de 20.000 habitantes a raíz da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

III. A contratación centralizada do subministro enerxético. A Rede Enerxética da Xunta de Galicia (REDEXGA).

IV. A supresión de licenzas municipais e o sector eléctrico. A nova Lei 9/2013, do 27 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Aspectos urbanísticos. Especial atención aos casos de parques eólicos. Instalación e comunicacións previas. Supostos prácticos.

V. O sector eléctrico. Concellos e produción eléctrica. Os ingresos das entidades

locais e o sector eléctrico.

VI. O sector eléctrico. Eficiencia e aforro enerxético nas administracións públicas.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).



**A reforma do mercado laboral. Os expedientes de regulación de emprego na Administración local. LO14005****Obxectivos:**

Exame da normativa dos RRHH na Administración e as novidades introducidas polas últimas normas, en especial a posibilidade dos EREs na Administración pública, especificamente na Administración local.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia, persoal técnico dos servizos de recursos humanos e persoal das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 30 de abril ao 4 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. Introducción: análise do marco legal de excepcionalidade do período 2010-2013 no ámbito do sector público local. Perspectivas: a Estratexia Europa 2020.

II. O emprego público (I): Análise do modelo de emprego público no sistema constitucional español. A configuración do emprego público nas entidades locais: marco legal de aplicación e problemática práctica. Os funcionarios con habilitación de carácter nacional: perspectivas.

III. O emprego público (II): O persoal laboral ao servizo das administracións públicas. O persoal laboral nas entidades locais. A negociación colectiva: aspectos de interese.

IV. O emprego público (III): O persoal laboral fixo e temporal. O persoal laboral indefinido: normativa de aplicación, problemática práctica e perspectivas de futuro. Os expedientes de regulación de emprego no ámbito do sector público: análise da Lei 3/2012, do 6 de xullo, e do Real Decreto 1483/2012, do 29 de outubro. A subrogación do persoal: problemática.

V. O réxime retributivo do persoal ao servizo das entidades locais: evolución, consecuencias e situación actual. Actualizacións normativas: a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local. Impactos. A Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano

2014. Outras referencias normativas de relevancia.

VI. Experiencias prácticas derivadas da reforma do emprego público nas entidades locais de Galicia: análise de supostos prácticos e debate. A lexislación de función pública de Galicia no contexto das entidades locais: o conflito competencial e a determinación da lei aplicable. Conclusións e perspectivas.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Aplicación práctica da Directiva de servizos na Administración local. LO14006**

**Obxectivos:**

Ofrecer aos destinatarios un coñecemento amplo e transversal do proceso de transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e a situación actual do devandito proceso desde distintas perspectivas, tanto xurídica, como técnica, como económica, con especial incidencia nas últimas novidades normativas tanto estatais como autonómicas.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia, funcionarios do grupo A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 29 de abril ao 3 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 /12/2006.
2. Normativa estatal de transposición: Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e Lei 25/2009, de 22 de decembro. Especial referencia á Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.
3. Normativa autonómica de transposición. Especial referencia á Lei 9/2013, de 19 de decembro.
4. Declaración responsable e comunicación previa. As ordenanzas municipais de intervención administrativa.
5. Impacto da Directiva de servizos no ámbito urbanístico. Control e inspección de actividades non suxeitas a control previo.
6. Incidencia da Directiva de servizos na fiscalidade local.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Fiscalización e xestión da contratación menor e negociada de pequenos concellos. LO14007**

**Obxectivos:**

Estudo do contrato menor, o contrato negociado e o labor de fiscalización que teñen que facer os órganos de control dos concellos. Análise destes tipos de contratos e a función que teñen que facer os órganos que teñen encargada a fiscalización deles.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal técnico dos servizos de intervención e tesourería das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 1 de setembro ao 6 de outubro

Prazas: 50

**Contido básico:**

- I. O Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. Ámbito de aplicación e tipos de contratos. Os elementos xerais dos contratos.
- II. O Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. O réxime de invalidez dos contratos. O recurso especial de revisión e os medios alternativos de resolución de conflitos. Especial atención a estes supostos nas entidades locais.
- III. A preparación e adxudicación dos contratos. Especial atención ao contrato menor e o contrato negociado.
- IV. A execución, modificación e extinción dos contratos. Especial atención ao contrato menor e o contrato negociado.
- V. A fiscalización nas entidades locais. Tipos. A fiscalización interna. Os reparos. A fiscalización interna nas fases da contratación. Especial atención ao contrato menor e o contrato negociado.
- VI. A fiscalización externa. As obrigas de remisión de información. O papel do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia. O control por parte dos

Tribunais de Xustiza.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Obrigas de subministración de información. LO14008**

**Obxectivos:**

Estudo da nova Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e o seu desenvolvemento normativo, con especial atención as obrigas de subministración de información que se impoñen para as entidades locais.

Coñecemento das diferentes obrigas de información impostas ás entidades locais pola normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e o modo de elaborar e remitir esta información.

**Destinatarios:**

Funcionarios de habilitación nacional que estean traballando en entidades locais ou noutras administracións públicas de Galicia e técnicos de Administración local cuxo labor teña relación cos servizos de tesourería ou intervención das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 30 de abril ao 11 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

MÓDULO I. O artigo 135 da Constitución. A súa modificación e as consecuencias. A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A súa importancia dentro do ordenamento xurídico. Obxecto e ámbito de aplicación. Os principios da LO 2/2012.

MÓDULO II. A estabilidade orzamentaria. Concepto, función, cálculo. Supostos prácticos. O establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

MÓDULO III. A regra do gasto. Concepto, función e cálculo. Supostos prácticos. O establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

MÓDULO IV. As modificacións que afectan á xestión económico-financiera das entidades locais en materia de endebedamento, débeda comercial, estabilidade, rexistro de facturas e factura electrónica. As operacións de crédito.

MÓDULO V. Modificacións da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, derivadas da Lei orgánica 9/2013. A Lei 25/2013, pola que se regula o rexistro de facturas e a factura electrónica.

MÓDULO VI. A regulación do control económico- financeiro e da estabilidade na Lei de racionalización e sustentabilidade no ámbito da Administración local.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Os orzamentos das entidades locais. Informes de viabilidade e regra de gasto. LO14009**

**Obxectivos:**

Estudo da normativa orzamentaria das entidades locais, con especial atención aos informes de viabilidade e ao cálculo da regra de gasto.

Aprender a elaborar os orzamentos das entidades locais, con especial atención aos informes de viabilidade nos momentos supostos que marca a nova normativa e ao cálculo da regra de gasto.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal técnico dos servizos de intervención e tesourería das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 11 de novembro ao 16 de decembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. O orzamento das entidades locais. Concepto. Elaboración e aprobación. Especial atención aos informes que teñen que emitirse. As bases de execución orzamentaria.

II. O informe de viabilidade. A regra de gasto.

III. As modificacións orzamentarias. Clases, réxime xurídico e informes necesarios.

Especial atención a como afectan ao informe de viabilidade e a regra de gasto.

IV. Execución orzamentaria de ingresos e gastos. Fases e contabilización.

V. A liquidación orzamentaria. Obrigas de remisión de información. Consecuencias da inestabilidade orzamentaria.

VI. A conta anual das entidades locais.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Plan de axustes e plan económico financeiros na Administración local. LO14010****Obxectivos:**

Estudo da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, con especial atención ao que é un plan de axuste e un plan económico financeiro.

Diferenciar os supostos en que se debe facer un plan de axuste e un plan económico– financeiro e as normas para a súa elaboración.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal técnico dos servizos de intervención e tesourería das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 2 de setembro ao 7 de outubro

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. O gasto público nas administracións públicas. O orzamento das entidades locais. A liquidación orzamentaria e a conta anual.

II. A estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira. O artigo 135 CE e a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. A estabilidade orzamentaria. A sustentabilidade financeira. A regra de gasto.

III. As medidas do capítulo IV da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

IV. As medidas correctivas. O plan económico- financeiro. Causas, elaboración e consecuencias. Supostos prácticos.

V. O plan de axuste. Causas, elaboración e consecuencias. Diferenzas co plan económico financeiro. Supostos prácticos.

VI. A xestión orzamentaria das entidades locais desde o punto de vista da estabilidade orzamentaria.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

**Tesourería e xestión de ingresos públicos locais. LO14011****Obxectivos:**

Estudo da normativa de tesourería das entidades locais e, en especial, dos ingresos públicos locais. Estudo dos diferentes ingresos públicos locais e como se deben xestionar polos responsables da labor de tesourería das entidades locais.

**Destinatarios:**

Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras administracións públicas de Galicia e persoal técnico dos servizos de intervención e tesourería das entidades locais de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 23 de outubro ao 27 de novembro

Prazas: 50

**Contido básico:**

I. A Tesourería. O tesoureiro, regulación e funcións. A contratación coas entidades bancarias. Os avais. Os medios de pago e ingreso e as novas tecnoloxías. O plan de disposición de fondos.

II. Os recursos das entidades locais. As taxas, os prezos públicos e as contribucións especiais. Especial atención á contabilización.

III. Os impostos municipais de tipo obrigatorio. Especial atención á contabilización.

IV. Os impostos municipais de tipo voluntario. Especial atención á contabilización.

V. A participación nos tributos do Estado. O Fondo de Cooperación Local de Galicia. Outros recursos das entidades locais.

VI. O proceso recadatorio. Voluntaria. Executiva. Os embargos. A cesión da recadación ás deputacións.

**Convocatoria:**

Resolución do 21 de marzo de 2014 (DOG núm. 60 do 27 de marzo).

Subvencións destinadas ao  
financiamento de plans de formación  
das entidades locais de Galicia

---

**A** EGAP publicou no DOG do 4 de abril unha resolución que aproba as bases reguladoras e a **convocatoria e subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación para o emprego** promovidos polas entidades locais de Galicia no marco do **Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas**.

No ano 2014 o financiamento foi de **374.589 €**. Os beneficiarios destas subvencións foron os concellos, deputacións provinciais e demais entidades locais, así como as asociacións ou federacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O **período de execución** dos plans de formacións abarcou o ano 2014. A partir do momento da adxudicación das subvencións comezou a **fase de modificación** dos plans de formación que finalizou o 30 de novembro de 2014. A EGAP recibiu dúas modificacións derivadas da Deputación de Pontevedra e da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Unha vez rematou o período de execución dos proxectos, iniciouse a **fase de xustificación do pagamento** que deu lugar á subvención, como mecanismo de control e seguimento dos fondos concedidos.

Na convocatoria do 2014 presentáronse **trece solicitudes** para á concesión das subvencións, das cales denegouse unha delas por non acadar no seu plan de formación a puntuación mínima establecida nas bases da convocatoria.

## Actividades para o persoal da Administración de xustiza

---



## Formación específica para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia

---

O programa que aquí se presenta ten por obxectivo satisfacer as necesidades de formación deste colectivo e contribuír a axilizar as tarefas que lle corresponden mediante unha oferta formativa axustada ás súas demandas reais.

A capacitación e actualización permanente dos empregados da Administración de xustiza redonda nunha maior eficacia no seu funcionamento, eficacia que resulta particularmente necesaria neste ámbito que de cotío debe satisfacer as demandas dos cidadáns coa celeridade que estes precisan.

## a. Itinerarios formativos

---

### **Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación. FX14007**

#### **Obxectivos:**

Dotar os destinatarios das ferramentas teórico prácticas que lles permitan o desenvolvemento dos labores propios da execución penal. Abordar a formación procesual e teórica dos destinatarios, con especial fincapé nas normas de carácter substantivo do código penal que son de preciso coñecemento para o desenvolvemento destas funcións. Igualmente achegaranse esquemas procesuais que permitirán visualizar graficamente o complexo mundo da execución penal.

Reforzar a aprendizaxe da materia proposta mediante a realización de casos prácticos.

Por último dáse un enfoque práctico facilitando ao alumno as guías de tramitación ordinarias da aplicación informática de xestión procesual, que serven para o desenvolvemento da materia deste curso.

#### **Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 30 de maio

T02: do 2 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 100

#### **Contido básico:**

1. Formulación xeral da execución en materia penal.
2. Estudo das normas de aplicación á execución penal.
3. A execución dos diferentes tipos de penas da lexislación vixente.
4. A execución das penas privativas de liberdade.
5. A execución das penas de multa.
6. A execución de penas privativas doutros dereitos.
7. Normas de execución específicas contidas na LECRIM nos demais procesos penais.
8. Estudo dos principais recursos en materia de execución de penas.

Engadiranse esquemas e modelos da aplicación informática.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Módulo I - Contencioso. FX14009****Obxectivos:**

Proporcionar unha formación sobre a tramitación dos procedementos contencioso-administrativos, orientada a perfeccionar os coñecementos, contribuír á carreira profesional e mellorar a calidade de traballo nas oficinas dos xulgados e tribunais. Inclusión de aspectos prácticos, en particular, a utilización das aplicacións informáticas para a tramitación destes expedientes.

A área de itinerarios formativos en materias procesuais contencioso-administrativas estará integrada por dous cursos de 25 horas cada un.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 30 de maio

T02: do 2 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo 1: Aspectos fundamentais da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Módulo 2: O procedemento en primeira ou única instancia (procedemento ordinario).

Módulo 3: O procedemento contencioso-administrativo abreviado. Outras formas non habituais de terminación do procedemento.

Módulo 4: Disposicións comúns en materia de procedemento.

Módulo 5: Documentación das actuacións xudiciais. Actos de comunicación e de cooperación xudicial.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Módulo I: a lexislación social. FX14010****Obxectivos:**

Proporcionar unha formación avanzada sobre as disposicións xerais da Lei de procedemento laboral e a tramitación do procedemento ordinario, cun estudo fundamentalmente práctico dende unha perspectiva dunha tramitación informática áxil.

Farase fincapé tamén nunha das modalidades procesuais mais habituais nos Xulgados do Social coma son os despedimentos.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión esquemática do procedemento, para que o destinatario teña unha visión clara e ordenada das normas reguladores e principios xerais do procedemento laboral e dos trámites procesuais e resolucións, con guías e esquemas de tramitación en Minerva-Nox.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo I. O proceso laboral: principios que o informan. Competencia obxectiva e territorial. Cuestións de competencia. Abstención e recusación. As partes procesuais, a representación, a defensa e a intervención dos sindicatos e do Fondo de Garantía Salarial.

Módulo II. A acumulación de procesos. Os actos procesuais. A evitación do procedemento: a conciliación previa e a reclamación previa.

Módulo III. Actos preparatorios. Dilixencias preliminares. Anticipación e medidas de garantía da proba. As medidas preventivas. O procedemento ordinario.

Módulo IV. Os despedimentos: o despedimento disciplinario, a extinción do contrato por causas obxectivas, os despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción, ou derivadas de forza maior.

A execución provisional das sentenzas de despedimento. A execución das sentenzas firmes de despedimentos. A reclamación ao Estado de pagamentos de salarios de tramitación nos procedementos por despedimento.

Módulo V. Prestacións da Seguridade Social. Do procedemento de oficio e do de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de Seguridade Social non prestacional. Do procedemento de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de Seguridade Social excluídos os prestacionaia. A execución provisional das sentenzas condenatorias en materia de Seguridade Social. A execución das sentenzas fronte a entes públicos.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**MODULO I.1. Civil: Execución Ordinaria. FX14011**

**Obxectivos:**

Analizar os aspectos procesuais xerais da execución forzosa na orde civil, afondando nas peculiaridades da execución provisional e das execucións dinerarias e non dinerarias, facilitando aos destinatarios ferramentas que simplifiquen a súa tramitación no sistema de xestión procesual Minerva Nox.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo I: Disposicións xerais

- Títulos executivos
- Partes e tribunal competente
- Despacho de execución
- Oposición
- Suspensión e termo da execución

Módulo II: Execución provisional

- Disposicións xerais
- Oposición
- Revogación ou confirmación
- Execución provisional de sentenzas ditadas en segunda instancia

Módulo III: Execución dineraria

- Disposicións xerais
- Requirimento de pago
- Embargo de bens: tercerías de dominio e mellor dereito

- Procedemento de prema: convenio de realización, realización por persoa ou entidade especializada e poxa

Módulo IV: Execución non dineraria

- Disposicións xerais
- Execución por deberes de entregar cousas
- Execución por obrigas de facer e non facer
- Liquidación de danos e prexuízos, froitos e rendas e a rendición de contas

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Módulo I.2. Civil : A execución hipotecaria. FX14012****Obxectivos:**

Analizar, dende unha perspectiva eminentemente procesual, o proceso de execución sobre bens hipotecados ou peñorados. Os contidos do programa fan especial fincapé nas peculiaridades procedementais deste tipo de procesos, tratando de facilitar aos destinatarios ferramentas que simplifiquen a súa tramitación no sistema de xestión procesual Minerva Nox.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 30 de maio

T02: do 2 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 100

**Contido básico:**

I. Conceptos básicos e inicio do proceso de execución sobre bens hipotecados ou peñorados.

II. Despacho de execución e trámites subseguintes.

III. Realización dos bens hipotecados ou peñorados.

IV. Esquema de tramitación do procedemento de execución hipotecaria no sistema de xestión procesual Minerva Nox.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Módulo II - Contencioso. FX14013****Obxectivos:**

Proporcionar unha formación sobre a tramitación dos procedementos contencioso-administrativos, orientada a perfeccionar os coñecementos, contribuír á carreira profesional e mellorar a calidade de traballo nas oficinas dos xulgados e tribunais, con inclusión de aspectos prácticos, en particular da utilización das aplicacións informáticas para a tramitación destes expedientes.

A área de itinerarios formativos en materias procesuais contencioso-administrativas está integrada por dous cursos de 25 horas cada un.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo 1. Introducción e repaso de aspectos básicos. Funcionarios públicos e procedemento contencioso-administrativo.

Módulo 2. Os procedementos especiais.

Módulo 3. A execución das sentenzas.

Módulo 4. Recursos devolutivos na orde contencioso-administrativa.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Módulo II: a lexislación social. FX14014****Obxectivos:**

Proporcionar unha formación avanzada sobre as modalidades procesuais da xurisdición social, agás os despedimentos que foron analizados no modulo I, do procedemento monitorio e dos recursos e a execución.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión esquemática do procedemento, para que o destinatario do curso teña unha visión clara e ordenada das normas reguladoras e principios xerais do procedemento laboral e dos trámites procesuais e resolucións con guías e esquemas de tramitación en Minerva-Nox.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

**Contido básico:**

Módulo I. O proceso monitorio. Proceso de impugnación de sancións. Vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente. Materia electoral. Clasificación profesional. Mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo, suspensión do contrato e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou derivadas de forza maior. Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.

Módulo II. O proceso de conflitos colectivos. A impugnación dos convenios colectivos. Das impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación. Da tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Módulo III. Os medios de impugnación na xurisdición social: a taxa, o depósito e as

consignacións, a acumulación dos recursos, a postulación, as custas e a transacción. Os recursos contra providencias, autos, decretos e dilixencias de ordenación. O recurso de suplicación. O recurso de casación. O recurso de casación para a unificación da doutrina. A revisión e a declaración de erro xudicial. A audiencia ao demandado.

Módulo IV. A Execución: a acumulación das execucións. As disposicións xerais da execución definitiva. As execucións colectivas. A execución provisional. A execución en diñeiro.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Violencia de xénero e familiar. Tramitación. FX14015**

**Obxectivos:**

Coñecer os principais instrumentos institucionais e lexislativos adoptados no marco autonómico e nacional como resposta á violencia doméstica. Esta finalidade concrétese intentado acadar os seguintes obxectivos específicos:

1. Estudar os tipos penais máis característicos da violencia de xénero.
2. Distinguir en que asuntos é competente un Xulgado de Violencia sobre a Muller.
3. Coñecer cales son os procedementos diante deste xulgado e como se tramitan.
4. Saber que medidas xudiciais de protección e seguridade poden ser adoptadas a favor das vítimas.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 30 de maio

T02: do 2 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 100

**Contido básico:**

1. Cuestións xerais sobre o problema da violencia doméstica á violencia de xénero.
2. Lei Orgánica 1/2004, integral de medidas de protección contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
3. Resposta penal: os delitos e as faltas.
4. Os xulgados de violencia sobre a muller.
5. Tramitación dos procedementos diante do Xulgado de Violencia sobre a Muller.
6. Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Xulgados de garda e xulgados de instrución. Xestión do servizo de garda. FX14016**

**Obxectivos:**

Proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual e, desde un punto de vista práctico, das dilixencias a practicar e da preparación dos xuízos ante os xulgados de garda; referencia a procedementos especiais relativos a menores, estranxeiros e vítimas de violencia doméstica.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 30 de maio

T02: do 2 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 100

**Contido básico:**

Rexistro e incoación de procesos: sumarios, dilixencias urxentes, dilixencias previas e procedemento ante o Tribunal do Xurado; casos nos que procede a súa incoación e actuacións durante a garda. Preparación e documentación das comparecencias ante o Xulgado de Garda: a comparecencia dos xuízos rápidos e os xuízos de faltas inmediatas.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).



**Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010). FX14017**

**Obxectivos:**

Proporcionar coñecemento práctico avanzado na folla de cálculo Excel.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 50

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 30 de abril ao 20 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. Libros e follas en Excel
2. Creación de series e arrastrado de fórmulas
3. Estilos e formatado de celas
4. Fórmulas e referencias
5. Traballar con bases de datos en Excel
6. Formatos avanzados de gráficas
7. Manipulación de macros
8. Impresión, exportación, ortografía, idioma, etc.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

## b. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

---

**Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010). FX14018**

**Obxectivos:**

Proporcionar coñecementos avanzados no procesador de textos Word.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de maio ao 20 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. Formatos avanzados
2. Tabulacións
3. Estilos
4. Cabeceiras, pés de páxina e notas ao pé.
5. Táboas
6. Combinar correspondencia
7. Configuración avanzada
8. Manexo de macros e accións importantes do Word

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010). FX14019**

**Obxectivos:**

Coñecer as posibilidades do programa PowerPoint, para a elaboración de presentacións, co obxecto de facilitar o intercambio de información e mellorar o traballo na Administración pública.

**Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de maio ao 20 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

- Introducción a Microsoft PowerPoint
- Gardar un documento
- Edición de diapositivas
- Asistente de autocontido
- Patróns no PowerPoint
- Traballar con texto
- Traballar con obxectos
- Animación de obxectos e textos
- Presentacións na pantalla
- Recomendacións

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

## **Uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza (Lei 18/2011). FX14020**

### **Obxectivos:**

Abordar a lei reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza. Os principais obxectivos desta norma son:

- Actualizar o contido do dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas, grazas a axilización que permite o uso das tecnoloxías nas comunicacións.
- Xeneralizar o uso das novas tecnoloxías para os profesionais da xustiza.
- Definir, nunha norma con rango de lei, o conxunto de requisitos mínimos de interconexión, interoperabilidade e seguridade necesarios para o desenvolvemento dos diferentes aplicativos empregados no mundo xudicial, a fin de garantir a seguridade na transmisión de datos.

### **Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Desenvolvemento:**

Duración: 20

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

### **Contido básico:**

- I. Obxecto e ámbito de aplicación
- II. O uso dos medios electrónicos na Administración de xustiza
- III. Réxime xurídico na Administración xudicial electrónica
- IV. Integración da tramitación electrónica nos procedementos xudiciais
- V. Cooperación das administracións con competencias en materia de xustiza

### **Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

## c. Coñecementos transversais

---

### **Básico de prevención de riscos laborais. FX14003**

#### **Obxectivos:**

Adquirir os conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo e os riscos asociados para desenvolver unha avaliación e xestión adecuada da prevención dos mesmos aplicando as técnicas básicas de primeiros auxilios.

#### **Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

Prazas: 50

#### **Contido básico:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa.
4. Elementos básicos de xestión de prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

### **Curso de protección de datos. FX14006**

#### **Obxectivos:**

Adquirir coñecementos de índole legal acerca da protección de datos de carácter persoal.

#### **Destinatarios:**

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de setembro ao 24 de outubro

T02: do 27 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 100

#### **Contido básico:**

1. Introducción á Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD)
2. A LOPD e a LORTAD
3. Ámbito da LOPD
4. O consentimento
5. Dereitos outorgados aos titulares dos datos persoais
6. Comunicación e cesión de datos a terceiros
7. Pasos a seguir para cumprir a LOPD
8. Tipos de infraccións, as súas sancións e a súa prescrición
9. Estrutura da Lei e os seus títulos
10. A seguridade dos datos
11. Casos prácticos de aplicación da LOPD

#### **Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

**Cuestións complexas na valoración do dano corporal: dano ao sistema nervioso central e ao sistema periférico, dano sensorial oftalmolóxico e ORL. FX14004**

**Obxectivos:**

Actualizar os conceptos teóricos e dotar das ferramentas necesarias para abordar, dunha forma obxectiva, as cuestións máis complexas en materia de dano cerebral, oftalmolóxico e ORL.

**Destinatarios:**

Médicos forenses da Administración de xustiza de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 11 ao 12 de xuño

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Valoración do dano corporal en casos de dano cerebral. Exploración neurolóxica básica, interpretación de probas diagnósticas, evolución das lesións, estabilización lesional e secuelas.
- Lesións postraumáticas en oftalmoloxía e ORL. Exploración básica, interpretación de probas diagnósticas e secuelas.
- Lesións medulares: clasificación, exploración, interpretación de probas complementarias, evolución, estabilización lesional e secuelas.

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

## d. Medicina forense

---

**Ferramentas de uso cotiá na pericia: busca de bibliografía na rede, probas radiolóxicas e neurofisiolóxicas. FX14005**

**Obxectivos:**

Actualizar os conceptos teóricos e dotar das ferramentas necesarias para abordar as cuestións máis complexas das ferramentas de uso cotiá na pericia clínica, como son as probas radiolóxicas e neurofisiolóxicas, a busca de bibliografía na rede e a exposición de presentacións.

**Destinatarios:**

Médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 16 ao 17 de outubro

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Radioloxía e valoración médico-legal de lesións (Dr Juan González Fontán-Subdirección do IMELGA en Pontevedra).
- Técnicas de imaxe na valoración do dano corporal (Dra Verónica Pazos Silva-Servizo de Radiodiagnóstico do Hospital Modelo da Coruña).
- Utilidade da radioloxía nas situacións especiais da medicina forense (Dra Verónica Pazos Silva- Servizo de Radiodiagnóstico do Hospital Modelo da Coruña).
- Introducción á electromiografía (Dra Silvia Álvarez Paradelo- Servizo de Neurofisioloxía do Hospital Marqués de Valdecilla).
- Lesións traumáticas nos nervios periféricos. Casos clínicos (Dra Silvia Álvarez Paradelo- Servizo de Neurofisioloxía do Hospital Marqués de Valdecilla).
- Potenciais evocados na práctica clínica. Casos clínicos (Dra Silvia Álvarez Paradelo- Servizo de Neurofisioloxía do Hospital Marqués de Valdecilla).
- Busca bibliográfica na rede (Doña Isabel Sempere Serrano- USC).
- Como dar una boa charla de Medicina Legal en público (Dr José Luis Cascallana Álvarez- Subdirección do IMELGA en Lugo).

**Convocatoria:**

Resolución do 1 de abril de 2014 (DOG núm. 70 do 10 de abril).

## Actividades para o PAS das universidades

---

## Formación específica para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas

---

As actividades que conforman este programa formativa diríxense a mellorar a capacitación profesional do persoal de Administración e Servizos (PAS) das tres universidades de Galicia, co propósito de contribuír á consecución do modelo de Universidade avanzada e moderna que a sociedade reclama.



## a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

---

### **Estatuto básico do empregado público. UN14012**

#### **Obxectivos:**

Coñecer a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público: estrutura e principios.

#### **Destinatarios:**

Persoal de administración e servizos (PAS) das universidades de A Coruña, Santiago e Vigo.

#### **Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 30 de outubro

Prazas: 50

#### **Contido básico:**

- Marco normativo da función pública.
- Empregados públicos: funcionarios de carreira, interinos e eventuais.
- Organización dos recursos humanos, perfís de postos de traballo, selección, formación, promoción e carreira profesional.
- Sistema retributivo dos funcionarios.
- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Negociación colectiva.
- Avaliación do desempeño.

#### **Convocatoria:**

Resolución do 6 de agosto de 2014, pola que se convocan as actividades de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña (DOG núm. 164 do 29 de agosto), Resolución do 6 de agosto de 2014, pola que se convocan as actividades de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo (DOG núm. 165 do 01 de setembro) e Resolución do 6 de agosto de 2014, pola que se convocan as actividades de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade Santiago de Compostela (DOG núm. 166 do 02 de setembro).

## b. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

---

### A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas.. UN14001

#### Obxectivos:

Mellorar as destrezas lingüísticas da escritura en lingua galega co fin de potenciar a calidade na redacción e estrutura dos textos, así como a súa eficacia comunicativa.

#### Destinatarios:

Persoal de administración e servizos (PAS) das universidades de A Coruña, Santiago e Vigo.

#### Desenvolvemento:

Duración: 18

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 13 ao 30 de outubro

Prazas: 50

#### Contido básico:

1. Principios xerais para unha boa redacción: claridade, concisión, precisión e adecuación aos destinatarios.
2. A escollo do rexistro adecuado.
3. O respecto pola ortografía e a gramática.
4. O proceso de escritura: planear, redactar e revisar.
5. A estrutura dos escritos: Modelos predeterminados. Correcta ordenación do texto en parágrafos e frases.
6. A construción do parágrafo.
7. A construción da frase.
8. A escollo das palabras.
9. Uniformidade na aplicación de convencións ortotipográficas.

#### Convocatoria:

Por outro lado, a transposición das directivas 2014/23, 2014/24 e 2014/25 antes do 18 de abril de 2016 vai a coincidir co despregamento efectivo e xeneralizado do novo período 2014-2020 de programación plurianual dos Fondos Europeos, que pode estender os seus efectos financeiros ata 2023. Por isto resulta imprescindible que as administracións públicas estean preparadas para a inmediata aplicación das normas que as traspoñan. En suma, a correcta praxe na xestión dos Fondos da UE esixe coñecer en profundidade esta normativa mesmo antes do prazo límite de transposición.

Galicia, pola súa dobre condición de beneficiaria deses Fondos e de integrante da

Euroregión co Norte de Portugal, que debe axudar a mellorar a contratación transfronteiriza que tamén pretende impulsar esta reforma, ten que realizar un singular esforzo de adaptación ao novo marco legal europeo.

Deste xeito, a EGAP deseñou unhas xornadas nas que se contrastarán as visións da Comisión Europea, institución garante da estrita e puntual aplicación das novas directivas, de altos representantes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rigor técnico-xurídico de especialistas universitarios de recoñecida experiencia na materia.

**Destinatarios:**

Asesores xurídicos e interventores, persoal de servizos públicos de contratación, xestores de Fondos da UE, contratistas e potenciais contratistas, así como persoas interesadas no campo da contratación pública e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 7

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 18 ao 19

Asistentes: 308

**Contido básico:**

- As novas directivas europeas de contratación pública e a Estratexia Europa 2020: orientacións da Comisión Europea en liña co mercado interior.
- A adaptación do dereito español da contratación pública ás directivas europeas: balance e perspectivas.
- Desafíos das comunidades autónomas ante o novo marco europeo de contratación pública.
- O proceso de mellora permanente na contratación pública: experiencia do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ante as novas directivas de contratación.
- Transposición das novas directivas de contratación pública: similitudes e diferenzas respecto do marco vixente en España.
- A transposición das directivas 2014/23, 2014/24 e 2014/25: análise comparada no ámbito europeo e internacional.

**Convocatoria:**

Resolución do 8 de xullo de 2014 (DOG núm. 141 do 28 de xullo).

**Xornada: A xustiza que vén. PU14014**

**Obxectivos:**

Coñecer, pola natureza dos relatores, as liñas mestras do deseño da xustiza nos próximos anos, tanto na súa organización territorial como funcional, poñendo de manifesto as novidades que presenta a nova lexislación orgánica do poder xudicial e a súa incidencia na actividade de todos os profesionais implicados na xustiza.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración de Xustiza, notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, avogados, procuradores, profesores e alumnos das universidades galegas e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 5

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2014

Asistentes: 103

**Contido básico:**

- Poder xudicial e xustiza. Necesidades do presente. Posibilidades de futuro.
- Luces e sombras da xustiza.
- O futuro da xustiza. Que opinan os profesionais?

**Convocatoria:**

Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 180 de 22 de setembro).



**Xornada: Intimidade, imaxe e medios de comunicación públicos. PU14015****Obxectivos:**

Abordar, entre outras cuestións, o dereito á información e os seus límites, o emprego de datos, imaxes ou comentarios extraídos da rede con fins informativos ou de investigación xornalística, os xuízos paralelos e os límites da publicidade procesual, o tratamento informativo en relación coas vítimas e o populismo mediático. Temas que gardan relación cos conflitos entre honra, intimidade, imaxe e liberdade de información son fonte de inseguridade xurídica e que deron lugar a un número importante de demandas civís e penais. Proba diso é a diversidade das resolucións dos tribunais, tan casuísticas como imprevisibles, e as dúbidas dos letrados entre acudir á vía penal ou á civil.

**Destinatarios:**

Profesionais dos medios de comunicación con responsabilidade nas áreas de dirección, recursos humanos, comunicación, servizos de información, redactores e directivos ou outras persoas relacionadas con este campo das comunicacións, así como interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 8

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2014

Asistentes: 90

**Contido básico:**

- A Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a súa incidencia nos entes públicos de comunicación.
- Emprego de datos persoais recollidos de Internet ou redes sociais con fins informativos ou de investigación xornalística. Especial referencia á utilización de imaxes e datos de menores de idade.
- A protección da intimidade fronte a gravacións de imaxes e conversacións.
- Os xuízos paralelos en medios de comunicación.
- A formación da opinión pública e o tratamento dos temas penais nos medios de comunicación.

**Convocatoria:**

Resolución do 2 de outubro de 2014 (DOG núm. 197 do 15 de outubro).

**Xornada: A natureza voluntaria ou laboral das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro. PU14016****Obxectivos:**

Informar ao sector deportivo sobre os distintos encadramentos xurídicos das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro por adestradores, técnicos, deportistas e outras figuras.

Facilitar información práctica sobre a normativa en vigor nos ámbitos laboral e de acción voluntaria, e actualizar os coñecementos dos axentes deportivos para a mellora última das súas competencias.

**Destinatarios:**

Responsables das entidades deportivas galegas, principalmente clubs e federacións deportivas, e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 4

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2014

Asistentes: 184

**Contido básico:**

- O voluntariado deportivo.
- As relacións laborais no ámbito deportivo.

**Convocatoria:**

Resolución do 17 de outubro de 2014 (DOG núm. 205 do 27 de outubro).

**Xornada sobre as posibilidades de mediación nas relacións entre os cidadáns e as Administracións públicas. PU14019****Obxectivos:**

Espertar nos asistentes o interese por unha forma diferente de resolución dos conflitos entre os cidadáns e as administracións, alternativa á promoción de recursos administrativos e/ou xurisdiccionais.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo das administracións públicas, tanto estatal, autonómica como local, así como dos seus entes instrumentais, persoal ao servizo da Administración de xustiza, xuristas, profesionais, docentes, universitarios e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 8

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 3 de decembro

Asistentes: 212

**Contido básico:**

- Marco legal actual e perspectivas de futuro sobre as regulacións da mediación no ámbito contencioso-administrativo.
- Experiencias de mediación nos xulgados do contencioso-administrativo.
- Mesa redonda: posibilidades presentes e futuras da mediación contencioso-administrativa .
- Posibilidades da mediación interadministrativa e resultado da posta en marcha do proxecto piloto de mediación xudicial nos xulgados de Canarias.
- A terminación convencional dos expedientes: unha posibilidade inexplorada da LPAC.
- O tribunal multiportas ou outra forma de organizar a oficina xudicial como mecanismo para dispensar unha tutela xudicial eficaz.
- Mesa redonda: a mediación, outra forma de administrar xustiza.
- A mediación como oportunidade para obter algunha vantaxe por parte de todos os intervinientes no proceso.
- Simulación dun asunto para a mediación interadministrativa
- Mesa redonda: viabilidade da mediación interadministrativa

**Convocatoria:**

Resolución do 18 de novembro de 2014 (DOG núm. 226 do 25 de novembro).

**Xornada sobre o financiamento europeo para proxectos de fomento da actividade física e do deporte. CV14018****Obxectivos:**

Informar ao sector deportivo sobre as diferentes posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e do deporte.

**Destinatarios:**

Concellos galegos, federacións deportivas galegas, clubs deportivos, xestores deportivos, directores e profesores de centros educativos galegos con proxectos de fomento de actividade física e deportiva e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 4

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 1 de abril

Asistentes: 259

**Contido básico:**

- Proxectos europeos: tramitación e financiamento
- Posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e do deporte.
- Erasmus +: contexto do programa, accións financiáveis e exemplos de proxectos financiados.

**Convocatoria:**

Resolución do 17 de marzo de 2014 (DOG núm. 57 do 24 de marzo).

## Cursos monográficos

---

**Curso monográfico: A reforma local a debate. PU14008****Obxectivos:**

Analizar e contrastar o contido e as principais novidades incorporadas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. Neste sentido, o curso monográfico pretende ademais dar a coñecer os posibles efectos e incidencias que cabe esperar da aprobación da norma estatal sobre o funcionamento dos entes locais galegos e o seu goberno.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración galega e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, cargos públicos e directivos á fronte destes, profesionais, universitarios e calquera outra persoa interesada en coñecer o novo réxime xurídico da planta municipal e os retos aos que se enfrenta.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 24 ao 25 de abril

Asistentes: 205

**Contido básico:**

- Novo marco competencial e suficiencia financeira.
- Implicacións da lei de reforma local sobre o control interno das entidades locais.
- Perspectiva constitucional do principio de estabilidade orzamentaria. Que efectos está a ter a súa aplicación ás entidades locais?
- Galicia e a reforma local.
- A reestruturación do sector público local.
- A reordenación das competencias locais na Lei 27/2013.
- Garantía da transparencia administrativa e dereito a un bo goberno no ámbito local.
- O papel das deputacións na reforma da Administración local: autonomía provincial versus autonomía municipal.
- Consecuencias prácticas do novo modelo competencial local.
- Efectos da Lei 27/2013 sobre a planta municipal.
- O status funcional na Lei 27/2013 (con particular atención ao art.º 92 bis).

**Convocatoria:**

Resolución do 28 de marzo de 2014 (DOG núm. 65 do 3 de abril).

**Curso monográfico: Transparencia, goberno aberto e Administración pública. PU14017****Obxectivos:**

Estudo e análise da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a súa implementación nas administracións públicas.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo das administracións públicas e dos entes institucionais da Comunidade Autónoma, xuristas, universitarios e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 12

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 13 ao 14 de novembro

Asistentes: 155

**Contido básico:**

- Quen debe controlar a transparencia?
- O acceso a documentos administrativos nas administracións públicas galegas.
- A publicidade activa na actividade da Administración pública.
- Presente e futuro da transparencia: fortalezas e debilidades da regulación actual.
- Para que serve a transparencia? Desmontando o mito.
- Parlamento galego e transparencia.
- A transparencia no nivel comunitario.
- A simplificación das institucións políticas e administrativas.

**Convocatoria:**

Resolución do 24 de outubro de 2014 (DOG núm. 211 do 4 de novembro).

**Curso monográfico sobre ética pública e medios para previr a corrupción. PU14018****Obxectivos:**

Analizar os criterios e principios básicos que regulan a ética pública e a súa relación coa transparencia, así como estudar as ferramentas normativas políticas e sociais que faciliten a promoción da ética e a loita contra a corrupción.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración galega e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, xuristas, profesionais, universitarios e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 27 ao 28 de novembro

Asistentes: 87

**Contido básico:**

- A importancia e prioridade das medidas preventivas na loita contra a corrupción.
- Delitos de malversación e de fraudes á Administración.
- Delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo.
- Os compoñentes éticos, políticos e xurídicos dunha sociedade limpa.
- A dialéctica entre sistema e baleiro en tempos de crise.
- Delitos de prevaricación e de negociacións e actividades prohibidas aos funcionarios públicos.
- Reflexións sobre a eficacia da actuación xudicial contra a corrupción.
- Delitos de suborno e tráfico de influencias.
- Comportamentos corruptos: da tolerancia á prevención.

**Convocatoria:**

Resolución do 11 de novembro de 2014 (DOG núm. 221 do 18 de novembro).

**Curso monográfico sobre ética pública e medios para previr a corrupción. PU14018**

**Obxectivos:**

Analizar os criterios e principios básicos que regulan a ética pública e a súa relación coa transparencia, así como estudar as ferramentas normativas políticas e sociais que faciliten a promoción da ética e a loita contra a corrupción.

**Destinatarios:**

Persoal ao servizo da Administración galega e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, xuristas, profesionais, universitarios e interesados en xeral.

**Desenvolvemento:**

Duración: 15

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 27 ao 28 de novembro

Asistentes: 87

**Contido básico:**

- A importancia e prioridade das medidas preventivas na loita contra a corrupción.
- Delitos de malversación e de fraudes á Administración.
- Delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo.
- Os compoñentes éticos, políticos e xurídicos dunha sociedade limpa.
- A dialéctica entre sistema e baleiro en tempos de crise.
- Delitos de prevaricación e de negociacións e actividades prohibidas aos funcionarios públicos.
- Reflexións sobre a eficacia da actuación xudicial contra a corrupción.
- Delitos de suborno e tráfico de influencias.
- Comportamentos corruptos: da tolerancia á prevención.

**Convocatoria:**

Resolución do 11 de novembro de 2014 (DOG núm. 221 do 18 de novembro).

## Cursos superiores e de especialización

---

**V Curso superior de formación do técnico na Administración local. PU14001****Obxectivos:**

Dar unha visión actualizada e completa, dos coñecementos necesarios para o desenvolvemento do traballo do técnico no ámbito da Administración local.

Búscase afianzar os coñecementos dos técnicos que xa exercen as súas funcións neste sector, así como presentar de forma estruturada todas as materias que afectan ao día a día da Administración local.

**Destinatarios:**

- O 30% das prazas (15) ten como destinatarios aos empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.
- Persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico.

- O 30% das prazas (15) ten como destinatarios a profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

- O 30% das prazas (15) ten como destinatarios enxeñeiros de camiños, canles e portos colexiados.

- O 10% das prazas (5) ten como destinatarios a estudantes de enxeñaría de camiños, canles e portos pre-colexiados.

**Desenvolvemento:**

Duración: 120

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

A Coruña, do 10 de xaneiro ao 26 de abril

Prazas: 50

**Contido básico:**

- Tema 1. Estrutura organizativa do Estado e papel das entidades locais (municipios e deputacións).

- Tema 2. A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local: competencias e deberes das entidades locais.

- Tema 3. Competencias, funcións e responsabilidades do técnico de obras municipal.

- Tema 4. Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. O Real Decreto Legislativo 2/2000 sobre contratos das administracións públicas

- Tema 5. Responsabilidades patrimoniais das administracións públicas.

- Tema 6. Lexislación sobre prevención de riscos laborais: responsabilidades da Administración e dos técnicos municipais.

- Tema 7. A Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: procedementos, redacción de informes, participación dos cidadáns, etc.

- Tema 8. Lexislacións sectoriais con incidencia nas entidades locais (ordenación do territorio, estradas, augas, costas, portos, patrimonio, medio e espazos protexidos etc.)

- Tema 9. A administración electrónica. Novas tecnoloxías ao servizo da Administración municipal: SIG's, cartografía dixital, fotografía aérea, información de satélites, etc.

- Tema 10. O marco legal da ordenación do territorio e do urbanismo en Galicia.

- Tema 11. Instrumentos de ordenación do territorio de ámbito autonómico: directrices de ordenación do territorio e Plan de Ordenación do Litoral.

- Tema 12. O plan xeral municipal. Análise técnica e análise administrativa.

- Tema 13. O desenvolvemento urbanístico. Os plans parciais, plans sectoriais e plans especiais.

- Tema 14. Informes urbanísticos do plan xeral municipal e dos plans especiais.

- Tema 15. Os proxectos de urbanización.

- Tema 16. Os sistemas de xestión urbanística.

- Tema 17. Os convenios urbanísticos.

- Tema 18. As licenzas no ámbito municipal.

- Tema 19. A disciplina urbanística.

- Tema 20. A avaliación ambiental dos plans.

- Tema 21. A sostibilidade e a protección do medio no ámbito das entidades locais.

- Tema 22. Coordinación e aspectos prácticos da planificación de infraestruturas e servizos con administracións supramunicipais e entidades privadas.

- Tema 23. A mobilidade no ámbito da Administración local.

- Tema 24. O proxecto das infraestruturas de transporte: estradas urbanas, rúas, ferrocarrís urbanos e metropolitanos, estacións de ferrocarril e autobuses, aparcadoiros, intercambiadores, etc.

- Tema 25. O proxecto dos servizos urbanos municipais: abastecemento, saneamento, iluminación pública, control de tráfico, enerxía eléctrica, telecomunicacións, distribución de gas, xestión de residuos sólidos, etc.



- Tema 26. Áreas industriais e áreas empresariais.
- Tema 27. Os equipamentos e as dotacións públicas.
- Tema 28. O proxecto dos espazos libres (prazas, bordos fluviais, litoral, parques etc.)
- Tema 29. Lexislación sobre accesibilidade e a súa incidencia na xestión municipal.
- Tema 30. A xestión dos servizos municipais e a relación coas concesionarias. Análise dende o punto de vista técnico e xurídico.
- Tema 31. A xestión do patrimonio e os bens municipais: adquisición, inventariado, cesión, alienación, etc.
- Tema 32. Os proxectos de expropiación, asignación do valor do chan e mutuos acordos.

**Convocatoria:**

Resolución do 28 de agosto de 2013 (DOG núm. 170 do 6 de setembro de 2013).

**Curso sobre as novas instrucións de contabilidade local. PU14002****Obxectivos:**

A partir do 1 de xaneiro de 2015 entrarán en vigor as novas instrucións de contabilidade local, recentemente aprobadas mediante distintas ordes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que serán de aplicación para as entidades locais, os seus organismos autónomos, sociedades mercantís locais e entidades públicas empresariais locais, nos termos que ao respecto se establecen na propia instrución.

Dar a coñecer as novidades máis relevantes que incorporan as novas instrucións de contabilidade pública local, facendo especial referencia ao modelo normal.

**Destinatarios:**

Interventores, Tesoureiros, secretarios-interventores, empregados públicos dos grupos A1 ou A2 e persoal laboral asimilado da Administración local de Galicia, con competencias en materia contable.

**Desenvolvemento:**

Duración: 40

Modalidade: mixto

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 9 de xaneiro ao 20 de febreiro

Prazas: 40

**Contido básico:**

- Marco normativo da contabilidade pública local. Ámbito de aplicación das novas instrucións de contabilidade
- Estrutura da nova Instrución (modalidade normal): novidades máis significativas
- O marco conceptual
- Normas de rexistro e valoración
- Contas anuais

**Convocatoria:**

Resolución do 15 de novembro de 2013 (DOG núm. 233 do 5 de decembro).

### Curso para obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia. PU14004

#### Obxectivos:

Este curso está deseñado para completar os coñecementos e perfeccionar as competencias e habilidades do colectivo de empregados públicos que ocupan ou poidan ocupar postos directivos na Administración autonómica galega.

Pretende dotar ao destinatarios dos instrumentos e ferramentas de análise e de xestión necesarias para despregar ao máximo as súas potencialidades de liderado, implantar a cultura da calidade pública e a mellora continua e optimizar a satisfacción do cliente-usuario de servizos públicos.

Do mesmo modo, ensinará ao persoal directivo público a pensar estratexicamente, a avaliar posibles alternativas, a tomar decisións e a planificar programas de implementación desas decisións, que os familiarizará cos instrumentos e as ferramentas útiles para o control e mellora da xestión, a avaliación de programas e as políticas públicas.

Tamén os instruirá para sacar o máximo proveito ás súas habilidades de comunicación, de xestión dos equipos, de negociación e de xestión da crise.

Finalmente, pretende fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre o colectivo de empregados públicos cunha traxectoria curricular e profesional de liderado, institucionalizar as redes de colaboración entre o persoal directivo público que desempeñe funcións e exerza responsabilidades nas distintas organizacións públicas ou departamentos da Administración autonómica e potenciar a cultura do público e o compromiso ético do colectivo de xestores públicos de alto nivel.

#### Destinatarios:

Poderá participar o persoal funcionario dos grupos A1 e A2, así como o persoal laboral fixo dos grupos I e II da Administración autonómica galega, sempre que estea en posesión dun título de licenciatura ou diplomatura universitaria, de enxeñaría ou enxeñaría técnica, de arquitectura ou arquitectura técnica, grao ou equivalente.

Dous terzos do total das prazas quedarán reservadas para as seguintes categorías: – Persoal funcionario da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

- Persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

#### Desenvolvemento:

Duración: 240

Modalidade: mixto

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 de marzo ao 29 de xullo

Prazas: 30

#### Contido básico:

Módulo I. Introducción ás administracións autonómicas e locais

- Pasado e presente das administracións autonómicas e locais
- Transparencia e bo goberno

Módulo II. Análise estratéxica e toma de decisións

- Políticas públicas
- Técnicas de análise
- Pensamento estratéxico e toma de decisións
- Formulación de políticas públicas

Módulo III. Xestión pública

- Implementación de políticas públicas
- Xestión de calidade
- Mercadotecnia de servizos
- Recursos humanos
- Xestión de organizacións
- Control de xestión
- Avaliación de políticas públicas

Módulo IV. Negociación e comunicación

- Habilidades directivas
- Negociación e xestión de crise
- Resolución de conflitos

Módulo V. Talleres de desenvolvemento de competencias

- Ferramentas de dirección estratéxica
- Xestión do tempo e prioridades
- Prevención de riscos laborais
- Xestión de reunións e traballo en equipo

Traballo en equipo tutorizado

#### Convocatoria:

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 17 do 27 de xaneiro).

**Curso para la obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia. PU14005****Obxectivos:**

O curso pretende dotar as persoas destinatarias directas dos instrumentos e das ferramentas de análise e de xestión necesarias para despreñar ao máximo as súas potencialidades de liderado, implantar a cultura da calidade pública e a mellora continua e optimizar a satisfacción do cliente-usuario de servizos públicos.

Do mesmo modo, ensinarlle ao persoal directivo público a pensar estratexicamente, a avaliar posibles alternativas, a tomar decisións e a planificar programas de implementación desas decisións, que os familiarizará cos instrumentos e as ferramentas útiles para o control e mellora da xestión, e a avaliación de programas e as políticas públicas. Tamén instruirá para sacar o máximo proveito ás súas habilidades de comunicación, de xestión dos equipos, de negociación e de xestión da crise.

Finalmente, pretende fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre o colectivo de empregados públicos das entidades locais cunha traxectoria curricular e profesional de liderado, institucionalizar as redes de colaboración entre o persoal directivo público que desempeñe funcións e desempeñe responsabilidades nas distintas administracións locais e potenciar a cultura do público e o compromiso ético do colectivo de xestores públicos de alto nivel.

**Destinatarios:**

Poderá participar o persoal funcionario dos grupos A1 e A2, así como o persoal laboral fixo dos grupos I e II da Administración local galega, sempre que estea en posesión dun título de licenciatura ou diplomatura universitaria, de enxeñaría ou enxeñaría técnica, de arquitectura ou arquitectura técnica, grao ou equivalente.

**Desenvolvemento:**

Duración: 240

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 de marzo ao 29 de xullo

Prazas: 15

**Contido básico:**

Módulo I. Introducción ás administracións autonómicas e locais

- Pasado e presente das administracións autonómicas e locais
- Transparencia e bo goberno

Módulo II. Análise estratéxica e toma de decisións

- Políticas públicas
- Técnicas de análise
- Pensamento estratéxico e toma de decisións
- Formulación de políticas públicas

Módulo III. Xestión pública

- Implementación de políticas públicas
- Xestión de calidade
- Mercadotecnia de servizos
- Recursos humanos
- Xestión de organizacións
- Control de xestión
- Avaliación de políticas públicas

Módulo IV. Negociación e comunicación

- Habilidades directivas
- Negociación e xestión de crise
- Resolución de conflitos

Módulo V. Talleres de desenvolvemento de competencias

- Ferramentas de dirección estratéxica
- Xestión do tempo e prioridades
- Prevención de riscos laborais
- Xestión de reunións e traballo en equipo

Traballo en equipo tutorizado

**Convocatoria:**

Resolución do 20 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 17 do 27 de xaneiro).

**Curso de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana en Galicia: Métodos, accións, xestión e aplicación do novo Plan 2013-2016. PU14010****Obxectivos:**

- Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites.
- Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa na elaboración das memorias-programa para a petición das ARI's.
- Amosar como conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para que se poidan levar a cabo con éxito tanto dende unha perspectiva da protección patrimonial como das solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación.
- Coñecer principios básicos dos SIX como ferramenta para xustificar a necesidade da rehabilitación e como recurso na xestión da recuperación urbana.
- Transmitir criterios baseados na experiencia para elaborar ordenanzas e bases de axudas públicas para revitalizar e rehabilitar áreas urbanas.
- Coñecer as disposicións do novo Plan Estatal de Fomento del Aluguer de Vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

**Destinatarios:**

O 75% das prazas (30) teñen como destinatarios aos empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, grupos I e II do persoal laboral ou persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico. Poderán optar ao 25% restante das prazas (10) os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

**Desenvolvemento:**

Duración: 50

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 de xuño ao 23 de xullo

Prazas: 40

**Contido básico:**

- A necesidade de recuperar o espazo construído. Medidas para lograr a

recuperación demográfica dos cascos históricos e dos sectores urbanos en proceso de degradación social e ambiental. A rehabilitación e rexeneración como instrumento para a recuperación social, funcional e física dos espazos.

- Os Sistemas de Información Xeográfica e as novas tecnoloxías para o tratamento da información do territorio.
- Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das memorias-programa dos ARI's e a xestión da rehabilitación.
- A promoción pública da rehabilitación. As Áreas de Rehabilitación Urbana en Galicia.
- O novo Plan Estatal de Fomento do Aluguer de Vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas (2013-2016).
- Repensar a cidade. Estratexias de microintervencións.
- Metodoloxía de recollida de información, creación de bases de datos, xeorreferenciación e conclusións na investigación sobre rexeneración e renovación urbanas.
- Criterios de intervención dende o punto de vista da protección patrimonial nos cascos históricos e no resto do espazo urbano.
- Pensar a cidade: dende a Creatividade á Innovación Urbana
- A ARI do Casco Histórico de Muros.
- A xestión da rehabilitación na cidade de Santiago (I): o ARI de Vista Alegre. Análise do proceso de implantación do programa.
- As intervencións de renovación e rehabilitación no espazo público en Santiago de Compostela: un exemplo a seguir.
- A xestión da rehabilitación na cidade de Santiago (II). Criterios para o acceso ás axudas. Ordenanzas que as regulan.
- A rehabilitación de vivendas, mantemento e intervención en elementos catalogados no Casco Histórico de Santiago de Compostela.
- "A Pedra que pisas", iniciativas do Consorcio de Santiago e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para a formación de traballadores, empresas e técnicos na conservación e mantemento dos pavimentos enlousados de Compostela.
- Repensando a mobilidade nos espazos de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.
- A rehabilitación nas vilas: o exemplo de Mondoñedo.
- Rehabilitación e renovación urbana en Santiago de Compostela.
- Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares. Os casos de Sabarís en Baiona e Moimenta en Boiro.

**Convocatoria:**

Resolución do 8 de maio de 2014 (DOG núm. 93 do 16 de maio).

**Curso sobre expropiación forzosa e valoración: procedemento expropiatorio, métodos de valoración e a súa aplicación polo Xurado de Expropiación de G.. PU14011****Obxectivos:**

Adquisición dun coñecemento especializado, eminentemente práctico, no ámbito da determinación e valoración do xustiprezo expropiatorio, fundamentalmente nos métodos de valoración do solo e na valoración de bens e dereitos expropiados, dende a experiencia e conforme aos criterios seguidos polo Xurado de Expropiación de Galicia.

Trátase de proporcionar unha visión práctica e realista da complexa materia das actuacións en materia de expropiación da Xunta de Galicia e dos municipios da Comunidade Autónoma, analizando cuestións de actualidade neste campo, tanto de forma individual como en grupo.

En definitiva, quérese dar a cada alumno o perfil idóneo que as administracións, as empresas e os particulares requiren dun funcionario ou profesional especializado en materia de expropiación forzosa.

**Destinatarios:**

O 60 % das prazas (21) ten como destinatarios aos empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto da autonómica como da local, e das universidades do Sistema Universitario de Galicia, que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario
- Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral

Poderán optar ao restante 40 % das prazas (14) os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

**Desenvolvemento:**

Duración: 64

Modalidade: presencial

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 3 de xuño ao 2 de decembro

Prazas: 35

**Contido básico:**

1. O procedemento expropiatorio
2. O expediente de determinación do xustiprezo
3. Réxime xurídico dos xurados de expropiación

4. Criterios de valoración
5. Tratamento fiscal do xustiprezo
6. Supostos de reversión e de retaxación

**Convocatoria:**

Resolución do 8 de maio de 2014 (DOG núm. 91 do 14 de maio).

## Actividades en colaboración

---

**Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010). CV14001****Obxectivos:**

Proporcionar coñecemento práctico avanzado na folla de cálculo Excel.

**Destinatarios:**

Empregados do INGACAL e persoal ao servizo da Administración autonómica da Xunta de Galicia, que desenvolva as súas funcións nos centros coordinados polo INGACAL.

**Desenvolvemento:**

Duración: 50

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 27 de xaneiro ao 17 de marzo

Prazas: 50

**Contido básico:**

1. Libros e follas en Excel
2. Creación de series e arrastrado de formulas
3. Estilos e formatado de celas
4. Formulas e referencias
5. Traballar con bases de datos en Excel
6. Formatos avanzados de gráficas
7. Manipulación de macros
8. Impresión, exportación, ortografía, idioma, etc

**Convocatoria:**

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

**Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Office 2010). CV14002****Obxectivos:**

Coñecer as posibilidades do programa PowerPoint para a elaboración de presentacións, co obxecto de facilitar o intercambio de información e mellorar o traballo na Administración pública.

**Destinatarios:**

Empregados do INGACAL e persoal ao servizo da Administración autonómica da Xunta de Galicia, que desenvolva as súas funcións nos centros coordinados polo INGACAL.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 5 de maio ao 5 de xuño

Prazas: 50

**Contido básico:**

- Introducción a Microsoft PowerPoint.
- Gardar un documento.
- Edición de diapositivas.
- Asistente de autocontido.
- Patróns no PowerPoint.
- Traballar con texto.
- Traballar con obxectos.
- Animación de obxectos e textos.
- Presentacións na pantalla.
- Recomendacións.

**Convocatoria:**

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

**Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows). CV14003**

**Obxectivos:**

Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico no entorno Windows.

**Destinatarios:**

Empregados do INGACAL e persoal ao servizo da Administración autonómica da Xunta de Galicia, que desenvolva as súas funcións nos centros coordinados polo INGACAL.

**Desenvolvemento:**

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 29 de setembro ao 29 de outubro

Prazas: 50

**Contido básico:**

- Identificar os elementos que conforman o hardware, coñecer o seu funcionamento no procesamento dos datos e definir o software e as súas clases.
- Utilizar as ferramentas do sistema operativo e configurar os seus elementos.
- Modificar a aparencia da pantalla e as opcións de enerxía do equipo.
- Afondar na evolución de internet e o seu funcionamento e coñecer os principios de seguridade e ética en internet.
- Configurar o navegador, realizar procuras de información e xestionar o historial, os favoritos e os arquivos temporais.
- Coñecer as características e funcionamento do correo electrónico e imprimir, filtrar e organizar os correos.
- Introducir en que consiste o servizo FTP e a súa utilidade.
- Acceder a servidores FTP e transferir ficheiros.

**Convocatoria:**

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

**Curso básico de Inglés (A1.2). CV14004**

**Obxectivos:**

O alumno aprenderá as ferramentas necesarias para comunicarse en inglés, chegando a adquirir o nivel A1.2 ou Usuario Básico segundo o MCER (Marco Común Europeo de Referencia).

O bloque cubre funcións que inclúen: traballo, comer fora, dicir a hora, etc.

Ao final do bloque, o alumno terá cuberto as estruturas necesarias para comunicarse utilizando o tempo presente a nivel básico en situacións de relevancia inmediata, e poderá comunicarse de maneira básica expresando necesidades e desexos básicos, así como facer observacións e dar respostas adecuadas a comentarios típicos.

Ademais introdúcense as estruturas e o vocabulario necesario para falar de temas relacionados co contido das distintas unidades didácticas.

**Destinatarios:**

Persoal do Parlamento de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 80

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 10 de febreiro ao 22 de abril

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Construcións con 'there is / are'.
- Profesións.
- Introducción mundo laboral a oficina.
- Días da semana
- Adverbios de lugar.
- Partes do día
- Repaso dos números. Horas e datas
- Presente simple: verbos
- Números ordinais
- O imperativo.
- Películas.
- Adverbios de frecuencia
- Comida: froita e vexetais



- Verbos regulares e irregulares
- Vocabulario e expresións
- Verbos de acción
- Decimais.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Parlamento de Galicia.

**Curso Preintermedio de Inglés (A2.2). CV14005**

**Obxectivos:**

O alumno consolida os coñecementos adquiridos no bloque anterior ata lograr o nivel plataforma ou elemental.

Introdúcese o alumno nas estruturas adecuadas e aprende o vocabulario necesario para falar e practicar os temas relacionados coas unidades: os verbos modais que expresan habilidade, amplíase o uso das preposicións, así como os verbos máis habituais que poden ir con xerundio ou infinitivo.

**Destinatarios:**

Persoal do Parlamento de Galicia

**Desenvolvemento:**

Duración: 80

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 10 de febreiro ao 22 de abril

Prazas: 30

**Contido básico:**

- Pasado do verbo 'to be'.
- Partes da casa.
- Pasado: 'there was/were'.
- Os meses
- Preguntas con 'How many...?'.
- As estacións do ano
- Pasado simple dos verbos regulares.
- Números: ordinais e cardinais. -Medios de transporte.
- Comparacións.
- Datas.
- Presente continuo.
- Expresións de cantidade: a/an, some, any, both, enough, many, few, a lot (of).
- Expresión de intención: to go + infinitivo.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Parlamento de Galicia.

**Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV14006****Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

**Desenvolvemento:**

Duración: 60

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 4 de marzo ao 24 de abril

Prazas: 150

**Contido básico:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

**Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV14007****Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

**Desenvolvemento:**

Duración: 60

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 29 de abril ao 26 de xuño

Prazas: 150

**Contido básico:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

**Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre. Nivel básico. CV14008****Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais, en particular, na organización e xestión de actividades de tempo libre.

**Desenvolvemento:**

Duración: 60

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 6 de maio ao 26 de xuño

Prazas: 40

**Contido básico:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
  - 3.1 Actividades de tempo libre
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

**Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV14009****Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

**Destinatarios:**

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

**Desenvolvemento:**

Duración: 60

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 30 de setembro ao 28 de novembro

Prazas: 150

**Contido básico:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

**Convocatoria:**

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 3 de xaneiro de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

**Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (refresco). CV14010**

**Obxectivos:**

Formar aos integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia (residencias de maiores) segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

**Destinatarios:**

Persoal que presta servizos nas Residencias de Maiores da Xunta de Galicia.

**Desenvolvemento:**

Duración: 6

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Marín, 18 e 19 de febreiro

Prazas: 60

**Contido básico:**

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios.
- Actuación en caso de emerxencia nas residencias de maiores.
- Primeiros auxilios.
- Prácticas con lume real: os extintores.

**Convocatoria:**

Esta acción formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

**III Curso de actualidade xurídica de réxime Local. A reforma dos Gobernos e Administracións Locais. CV14011**

**Obxectivos:**

Análise e reflexión sobre as últimas reformas normativas que introduciron modificacións de enorme relevancia no ámbito local para posibilitar un adecuado coñecemento do alcance das mesmas.

**Destinatarios:**

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, empregados públicos e persoal directivo da Deputación de Pontevedra, funcionarios pertencentes aos corpos ou escalas dos grupos A1 e A2 e persoal laboral equivalente de administracións locais.

**Desenvolvemento:**

Duración: 25

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Pontevedra, do 28 de abril ao 27 de maio

Prazas: 140

**Contido básico:**

- 1.A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local: motivación e principais liñas da súa regulación.
- 2.A estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e os controis da actividade económico-financiera tras a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
- 3.Réxime de endebedamento, control da débeda comercial e plans económicos-financieros das Entidades Locais.
- 4.Licenzas, comunicacións previas e outros medios de control preventivo da actividade dos cidadáns por parte da Administración Local. Especial referencia á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5.O emprego público local na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local. Especial referencia aos habilitados nacionais e ao persoal eventual.
- 6.O novo sistema de competencias locais e as formas de xestión dos servizos públicos locais. Especial referencia ao papel das Deputacións e a delegación de competencias.

7. A transparencia e as entidades locais.

**Convocatoria:**

Resolución da Escola Galega de Administración Pública de 14 de febreiro de 2014 (DOG núm. 40 do 27 de febreiro).

**Curso Superior de Inspección Ambiental de Galicia. CV14012**

**Obxectivos:**

Formación dos empregados públicos con funcións de inspección ambiental

**Destinatarios:**

Persoal da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (servizos centrais e provinciais) que realizan funcións de inspección ambiental.

**Desenvolvemento:**

Duración: 350

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 de marzo ao 23 de maio

Prazas: 25

**Contido básico:**

- Introducción ao Dereito ambiental
